“A Xunta de Galicia está comprometida coa construción do novo IES de Navia, en Vigo, xa que considera que esta infraestrutura é esencial, estratéxica e necesaria para a cidade olívica. Baixo as especificidades recollidas no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, a construción deste instituto é o proxecto máis ambicioso en materia educativa en toda Galicia.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, presentados pola Xunta, comprometen 14M€ para a construción do novo instituto de Navia (dous máis que os 12M€ inicialmente previstos).

Dese custe total, blíndanse 220.000€ para arrancar xa coa redacción do proxecto, sempre e cando o Concello de Vigo asine o convenio para a cesión dos terreos que lle foi remitido hai meses. E para a obra propiamente dita están consignados orzamentariamente preto de 7M€ para 2024 e outros tantos para 2025.





De feito, o departamento de Educación do Goberno galego conta xa cos planos do futuro edificio e ten encargado o anteproxecto e o estudo topográfico á espera de asinar o convenio para a cesión dos terreos co Concello de Vigo que permita poder licitar a redacción do proxecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 13:00:37
Nº Rexistro: 45519
Data envío: 26/12/2022 13:00:37.024

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 13:00:33

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 35536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do novo instituto de ensino secundario de Navia en Vigo”** (publicada no BOPG número 328 do 8 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está comprometida coa construción do novo IES de Navia, en Vigo, xa que considera que esta infraestrutura é esencial, estratéxica e necesaria para a cidade olívica. Baixo as especificidades recollidas no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, a construción deste instituto é o proxecto máis ambicioso en materia educativa en toda Galicia.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, presentados pola Xunta, comprometen 14M€ para a construción do novo instituto de Navia (dous máis que os 12M€ inicialmente previstos).

Dese custe total, blíndanse 220.000€ para arrancar xa coa redacción do proxecto, sempre e cando o Concello de Vigo asine o convenio para a cesión dos terreos que lle foi remitido hai meses. E para a obra propiamente dita están consignados orzamentariamente preto de 7M€ para 2024 e outros tantos para 2025.





De feito, o departamento de Educación do Goberno galego conta xa cos planos do futuro edificio e ten encargado o anteproxecto e o estudo topográfico á espera de asinar o convenio para a cesión dos terreos co Concello de Vigo que permita poder licitar a redacción do proxecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2022 12:30:49
Nº Rexistro: 45433
Data envío: 23/12/2022 12:30:49.558

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2022 12:30:46

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 39594**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas denuncias de particulares por contaminación contra a empresa SOGARISA situada no concello das Somozas”** (publicada no BOPG número 371 do 31 de agosto de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Durante o seguimento regular en múltiples vectores que se realiza desde o inicio de actividade de Sogarisa, a Xunta nunca constatou ningún tipo de afección relevante. Ademais, non se teñen constatado incumprimentos da autorización ambiental integrada nas inspeccións ambientais practicadas ás instalacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:03:33
Nº Rexistro: 46152
Data envío: 30/12/2022 11:03:33.536

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:03:30

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 39658**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a deslocalización do servizo de atención telefónica da empresa Unión Fenosa Distribución"** (publicada no BOPG número 371 do 31 de agosto de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, deu resposta, no Pleno celebrado o pasado 14 de setembro ás preguntas orais formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, número de rexistro 37914, sobre as posibles medidas do goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número de rexistro 39660, sobre a perda de emprego vinculado aos servizos de atención ao cliente da empresa Naturgy.

Remitimos ligazón á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzEwZmM5ODMtYjAzNi00NWZmLTg0YTU0MTJjMTc3MDNm&start=2227>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:03:27
Nº Rexistro: 46151
Data envío: 30/12/2022 11:03:27.223

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:03:23

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 40599**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do persoal do hotel Carrís Almirante de Ferrol”** (publicada no BOPG número 380 do 15 de setembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A directora xeral de Relacións Laborais, deu resposta, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, celebrada o pasado 14 de decembro, á pregunta oral formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número de rexistro 40600, sobre a situación do persoal do hotel Carrís Almirante de Ferrol.

Remitimos ligazón á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWZmZDAwMTctYzhiYy00MDAwLWlwOTgtNTA0YjE4MjczMDNi&start=7012>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:03:19
Nº Rexistro: 46150
Data envío: 30/12/2022 11:03:19.786

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:03:17

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 40769**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación do cadro de persoal da empresa Blavice Services SL, antiga Amil Lago Servicios Generales”** (publicada no BOPG número 383 do 22 de setembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A secretaria xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, deu resposta, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego celebrada o pasado 06 de outubro, á pregunta oral formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número de rexistro 40770, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación do cadro de persoal da empresa Blavice Services, SL.

Remitimos ligazón á resposta:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NTBiMTk1YzltMDU4ZC00MWFilWEyMTUtMzlhMDBkY2Y0Mzcy&start=8248](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTBiMTk1YzltMDU4ZC00MWFilWEyMTUtMzlhMDBkY2Y0Mzcy&start=8248)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:03:13
Nº Rexistro: 46149
Data envío: 30/12/2022 11:03:13.395

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:03:08

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 41115**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impulso dun novo plan de xestión do lobo”** (publicada no BOPG número 383 do 22 de setembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A actualización do censo do lobo ibérico realizada pola Xunta entre 2021 e 2022 conclúe que existen en Galicia unhas 93 mandas reprodutoras, cifra superior ás 90 mandas estimadas no seguimento correspondente ao período 2013-2015.

Cómpre lembrar que a estratexia nacional para a xestión da especie xa foi aprobada na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente celebrada o pasado 28 de xullo de 2022 co voto en contra de, entre outras, as comunidades de Galicia, Cantabria ou Castela-León, que albergan a maior parte de poboacións de lobo.

En canto ao financiamento, a Xunta reclama ao Goberno central a transferencia das partidas que, en base aos acordos adoptados en Conferencia Sectorial, corresponden a Galicia dos Orzamentos estatais de 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:03:04
Nº Rexistro: 46148
Data envío: 30/12/2022 11:03:04.489

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:03:02

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 41622**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as causa do atraso na aprobación do plan reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume"** (publicada no BOPG número 387 do 29 de setembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten sometido a información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan reitor de usos e xestión (PRUX) do Parque Natural Fragas do Eume, un documento de planificación e ordenación que ten como obxectivo garantir a conservación dos valores, hábitats e especies de flora e fauna polos que este territorio acadou dito recoñecemento e no que máis do 40% da superficie do parque aparece incluído na zona de maior protección.

As persoas e entidades interesadas teñen de prazo ata o 29 de decembro para presentar as súas achegas, suxestións e comentarios ao contido do documento, que deste xeito dá un paso máis de cara á súa aprobación definitiva".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 45852
Data envío: 28/12/2022 14:10:16.036

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2022 14:10:13

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 41931**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“as causas da mortalidade de gaivotas na contorna do vertedoiro de Vilagudín na Coruña”** (publicada no BOPG número 391 do 6 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está a desenvolver unha investigación rigorosa sobre as causas da mortalidade de gaivotas na contorna do encoro de Vilagudín e leva a cabo un seguimento permanente desta situación.

O último episodio rexistrouse en agosto de 2022, no que se recolleron exemplares de gaivota patiamarela, que foron trasladados ao Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Oleiros para a toma de mostras.

Adicionalmente, o día 9 de setembro a Dirección Xeral de Patrimonio Natural ditou resolución pola que se vedaba a pesca nas augas encoradas no encoro ata que se determinasen as causas da situación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 13:00:21
Nº Rexistro: 45517
Data envío: 26/12/2022 13:00:21.992

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 13:00:18

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42171**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsión do Goberno galego para cubrir as baixas e vacacións do persoal médico do punto de atención continuada de Bueu”** (publicada no BOPG número 395 do 14 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería de Sanidade temos a intención de que se cubran as baixas e as vacacións do persoal sanitario de todo o Servizo Galego de Saúde.

Actualmente, no sistema sanitario, existe un problema de escaseza que sofre o colectivo de médicos especialistas en atención primaria, non só en Galicia, senón no conxunto do Estado. É por elo, polo que en determinados momentos, xéranse vacantes nalgúns PAC, sendo inviable a súa cobertura pola inexistencia de profesionais nas listas de contratación.

Indo concretamente á situación do PAC de Bueu, a dotación de persoal actualmente está completa. Respecto das incidencias xurdidas polo desfrute dos permisos regulamentarios dos profesionais, este verán só houbo dúas incidencias:

- Xullo: 1 día sen persoal médico
- Agosto: 2 días sen persoal médico, debido á ausencia de médicos en listas de substitución.





Para maior información e coñecer o estado de dispoñibilidade de médicos de familia nas listaxes do Sergas deixámoslle o enlace para a súa consulta:

<https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/Medico?idioma=es>

O problema principal é a falta de profesionais sanitarios. O Goberno galego tenlle reclamado reiteradamente ao Ministerio de Sanidade que tome as medidas de reforma necesarias para atallar este déficit de profesionais.

Polo tanto, a Consellería de Sanidade sempre vai cubrir as baixas e as vacacións cando exista dispoñibilidade de profesionais sanitarios para elo.

Actualmente o centro de saúde de Bueu está dotado con 1 fisioterapeuta para atender unha poboación de 11.987 habitantes (IGE 2018) e 11.508 TIS.

O centro de saúde de Bueu é o que presenta unha mellor relación de Fisioterapeuta por poboación asignada da Área Sanitaria. Ademais é o centro que ten unha mellor lista de espera da Área Sanitaria de Pontevedra – O Salnés”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 45851
Data envío: 28/12/2022 14:10:09.411

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2022 14:10:06

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42559**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o contrato 2018 de servizo para o deseño e execución das actuacións para a mellora da xestión dos residuos urbanos"** (publicada no BOPG número 399 do 21 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Segundo o último informe do Ministerio de Transición Ecolóxica sobre tratamento de residuos, Galicia atópase en liña con outras comunidades autónomas como Andalucía, Cantabria ou Castela-A Mancha en canto á porcentaxe de reciclado procedente da recollida separada. Do mesmo xeito que en canto á recuperación de materiais, Galicia está en liña coas mesmas, superando ademais a Madrid e Aragón.

En canto ao vertido, Galicia sitúase entre as primeiras comunidades autónomas cunha menor porcentaxe de vertido directo de residuos, e está por debaixo da media estatal en vertido de rexeites de residuos.

A xestión de residuos evolucionou nos últimos anos coa optimización das instalacións industriais existentes para acadar mellores resultados de





recuperación de materiais e a incorporación de novas opcións de tratamento para determinadas fraccións de residuos, como poden ser os biorresiduos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 13:00:14
Nº Rexistro: 45516
Data envío: 26/12/2022 13:00:14.414

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 13:00:11

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de cumprimento da obriga de recollida separada de residuos nos edificios públicos”** (publicada no BOPG número 399 do 21 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 40 da lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia alude á adopción de medidas necesarias para facilitar a recollida separada dos residuos xerados nos edificios públicos, así como o fomento da instalación e utilización de fontes de auga de carácter gratuíto e de envases reutilizables.

Actualmente, estas medidas xa se atopan implantadas en moitos edificios públicos, a través da disposición de distintos tipos de contedores ou papeleiras con compartimentos diferenciados para os distintos tipos de residuos, así como á existencia de fontes de auga de carácter gratuíto para o uso mediante envases reutilizables.

Deste xeito, a Xunta vén instalando os medios necesarios nos seus edificios para favorecer a recollida selectiva de residuos e o consumo de auga en envases





reutilizables mediante o uso de fontes de auga dende hai anos, antes mesmo da aprobación da lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 13:00:07
Nº Rexistro: 45515
Data envío: 26/12/2022 13:00:07.570

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 13:00:03

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42602**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mercado da reciclaxe de residuos e a Rede de Preparación para a Reutilización”** (publicada no BOPG número 399 do 21 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda puxo en marcha no 2019 dous proxectos baseados na prevención de residuos municipais: por unha banda, un proxecto piloto de autorreparación e intercambio de obxectos e enseres nun espazo municipal en colaboración co Concello de Valga e a entidade sen ánimo de lucro ASDIVALU. E, por outra banda, a creación da Rede Galega de Preparación para a Reutilización (PxR), concibida como un espazo transversal de debate e colaboración para facilitar o intercambio de coñecemento en preparación para a reutilización e reparación, a través da interrelación de grupos de interese.

Coa creación desta rede pretendíase impulsar a posta en marcha dunha rede de establecementos municipais (puntos limpos, etc. para a reparación de aparellos estragados e a súa reutilización, así como redes de cooperación e coñecemento





entre os axentes implicados na preparación para a reutilización de residuos. Para darlle difusión, creouse un espazo web e app móbil para recompilación de contidos, iniciativas e programas, así como para o intercambio de experiencias e cooperación en materia de preparación para a reutilización. Así mesmo, no marco desta rede e co fin de promover a economía circular, organizouse unha xornada informativa.

A creación desta rede puxo de relevo o interese das entidades locais nesta materia, dando pé á promoción destes espazos e actividades por parte delas, contando co apoio da Consellería a través das convocatorias de axudas dos últimos anos. En total, recibíronse 13 solicitudes de adhesión de entidades públicas e privadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 12:59:59
Nº Rexistro: 45514
Data envío: 26/12/2022 12:59:59.336

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 12:59:53

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42803**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona María Belén Salido Maroño e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación da tramitación do Plan xeral de ordenación municipal de Monfero”** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao PXOM do Concello de Monfero, a Xunta ten constancia de que o documento foi aprobado inicialmente en 2016. O último trámite que consta é un informe desfavorable emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en 2018. Non hai datos sobre o resto dos informes sectoriais. Queda pendente completar o trámite ambiental, así como a aprobación provisional e a definitiva.

Ao tratarse dun concello de menos de 5.000 habitantes sen planeamento urbanístico, a Xunta ofreceu ao Concello en xullo de 2021 a redacción dun Plan Básico Municipal, como se está facendo noutros municipios. A esta cuestión, o Concello respondeu que “en relación aos prazos que temos de rematar o noso PXOM, de acordo cos prazos indicados polo equipo redactor, a preferencia é ser incluído no obxecto do cuarto contrato (no 2023) do acordo marco” para a redacción dos PBM”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 45573
Data envío: 26/12/2022 14:47:35.586

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 14:47:25

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 43445**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as xestións feitas polo Goberno galego para dar cumprimento ao acordo da Comisión 2ª do 16 de febreiro de 2021 respecto do da comunicación a través do encoro entre a parroquia de Beigondo e o concello de Santiso"** (publicada no BOPG número 410 do 16 de novembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A barca de paso que comunica as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) réxese pola Orde Ministerial do 22 de maio de 1975, por la que se resolve que a sociedade concesionaria do aproveitamento hidroeléctrico de Portodemouros deberá manter no Encoro de Portodemouros unha barca de paso para o transporte de vehículos, carros, persoas e animais dunha marxe cara a outra, debendo ter unha capacidade de carga de 15 toneladas métricas, comezando a prestar servizo en marzo de 1977, que pasou a ser permanente a partir do 1 de novembro de 1983, como así o establece a resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do 28 de setembro de 1983.

Esta barca, denominada 'Azulón Primeiro', foi obxecto de diversas reformas e ampliacións aprobadas por Augas de Galicia. A primeira delas no ano 2006, pola que se ampliou a superficie de carga útil nunha lonxitude de 5,5 metros e se ampliou a capacidade de carga máxima sobre cuberta a 20 toneladas métricas.





A navegación da barca de paso reformada autorizouse por resolución do 29 de decembro de 2006, aprobándose na mesma resolución determinados cambios relativos aos motores propulsores e ao sistema de goberno.

En 2008, Augas de Galicia autorizou o transporte de maquinaria agrícola na barcaza entre o embarcadoiro da mesma e a illa de Montefurado.

Asemade, no ano 2016, tamén por resolución administrativa, autorizouse ampliar e adecuar os camiños de acceso á barcaza.

Augas de Galicia non se ten constancia de que a sociedade Gas Natural Fenosa Generación, SL (actual titular da autorización da navegación), incorrese en ningún incumprimento das condicións e obrigas impostas en ningún dos citados actos administrativos.

A sociedade, no que a este transporte atinxe, actúa con observancia do prescrito e dando cumprimento ás actuacións requiridas pola Administración, tendo sido comunicadas tanto aos concellos afectados como a Augas de Galicia as eventuais incidencias acaecidas (tanto imprevistas como os mantementos programados), ademais de darlle publicidade para xeral coñecemento dos usuarios.

En concreto, con carácter posterior ao acordo do Parlamento de Galicia de febreiro de 2021, a empresa levou a cabo diversas actuacións na Barcaza (instalacións de barreiras New Jersey no perímetro de acceso á barcaza, dotación das zonas de co fin de mellorar as condicións de acceso e servizo dese medio de transporte, carteis de aviso de fóra de servizo da barcaza, presenza dun operario que dirixe as manobras de embarque e desembarque) que foron avaliadas por Augas de Galicia, dándose por cumprido o que lle fora requirido.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Sen prexuízo disto, a Xunta continuará prestando unha labor de vixilancia e seguimento do servizo en tanto perviva a autorización concedida, tomándose as medidas oportunas no caso de detectarse incumprimentos, tanto do condicionado orixinario como aquelas obrigas impostas posteriormente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 12:59:49
Nº Rexistro: 45513
Data envío: 26/12/2022 12:59:49.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 12:59:46

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 43797**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón”** (publicada no BOPG número 413 do 23 de novembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta o actual contexto económico, a Xunta decidiu apostar o vindeiro ano por ampliar ata o 15% a bonificación do canon de Sogama a todos aqueles concellos adheridos que:

- Promovan a redución de residuos e/ou o incremento da reciclaxe de envases lixeiros
- Trasladen a rebaixa ao recibo que pagan os usuarios
- E que, como novidade, asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 12:59:41
Nº Rexistro: 45512
Data envío: 26/12/2022 12:59:41.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/12/2022 12:59:32

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 44296**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a consideración de culpabilización hacia as mulleres na campaña institucional do 25N"** (publicada no BOPG número 417 do 5 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A secretaria xeral da Igualdade deu resposta na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o pasado 15 de decembro, á pregunta oral formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, número de rexistro 44294, sobre a campaña institucional sobre o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres que leva por lema "Non debería pasar, pero pasa".

Remitimos ligazón á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWVhMDM4N2ltMjY1Ny00NGU0LWE4NDAtMDc2MTcyYjA3NzJl&start=5927>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:02:57
Nº Rexistro: 46147
Data envío: 30/12/2022 11:02:57.036

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:02:53

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 44767**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/a deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as accións do Goberno galego para a detección, control e erradicación do xacinto de auga”** (publicada no BOPG número 422 do 16 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A aparición de restos de xacinto de auga nas praias galegas é o resultado dos arrastres de exemplares non viables consecuencia da enchida dos ríos e a dinámica dos ventos e do litoral. Cómpre destacar que estes restos nas praias non teñen a capacidade de sobrevivir ou de reproducirse en auga salgada.

A Xunta de Galicia está facendo un seguimento para evitar que a especie poida entrar no río Miño ou en afluentes da zona baixa. Ademais, estanse levando a cabo as medidas necesarias para o seguimento, control e posible erradicación da citada especie”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 11:02:49
Nº Rexistro: 46146
Data envío: 30/12/2022 11:02:49.223

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2022 11:02:45

CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





José Antonio Redondo López (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 30/12/2022
HASH: 2e759e63b3fdbc51793a54176f48ddf



En cumprimento do artigo 19 da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, reformada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto e o artigo 49 do seu Regulamento de Réxime Interior remito, despois de ser aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, o de *"Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Sergas"*.

Santiago de Compostela a data da sinatura electrónica

O conselleiro maior

José A. Redondo López

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Cod. Validación: 4KYDTMZJ9SF973DWZCJ4XXP5R | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1



Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN
DUNHA SOLUCIÓN GLOBAL QUE CUBRA AS
NECESIDADES DE REALIZACIÓN DE PROBAS E
PROCEDIMENTOS DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE,
INTERVENCIONISMO, MEDICINA NUCLEAR E
RADIOTERAPIA NO SERGAS
[1642019-03]**

APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 29 DE DECEMBRO DE 2022


CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 92



CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 92




ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	11
I.1. ALCANCE, OBXECTIVOS	13
I.2. LIMITACIÓNS	13
I.3. RESPONSABILIDADES	13
II. CONCLUSIÓN	14
III. RECOMENDACIÓN	17
IV. NORMATIVA	18
V. TIPO DE CONTRATO	18
VI. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.....	20
VI.1. ACTUACIÓN PREPARATORIAS	20
VI.2. INFORME DE REPERCUSIÓN FINANCEIRA.....	30
VI.3. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.....	31
VI.4. MODIFICACIÓN CONTRACTUAIS	33
VI.5. EXECUCIÓN DO CONTRATO.....	34
VI.6. XESTIÓN ORZAMENTARIA.....	36
VI.7. PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES NO CONTRATO	39
VI.8. EFICACIA E EFICIENCIA	46
ANEXOS.....	61
ALEGACIÓN	73
RÉPLICA ÁS ALEGACIÓN.....	87





CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 92




ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Datos lista de espera	22
Cadro 2: Antigüidade dos equipos	24
Cadro 3: Liquidación orzamentaria (miles de euros)	25
Cadro 4: Remanentes non comprometidos (miles de euros)	25
Cadro 5: Necesidades financeiras (miles de euros)	27
Cadro 6: Comparativa opcións contractuais (millóns de euros)	28
Cadro 7: Obxectivos de estabilidade período 2013-2015	29
Cadro 8: Puntuacións obtidas polos licitadores	32
Cadro 9: Importes de licitación (miles de euros)	33
Cadro 10: Resumo de facturación (miles de euros)	35
Cadro 11: Regularizacións (euros)	35
Cadro 12: Tempos de tramitación das facturas (euros)	36
Cadro 13: Importe anualidades (miles de euros)	37
Cadro 14: Obrigas derivadas do contrato-programa con Galaria (miles de euros)	40
Cadro 15: Actividade de Galaria	42
Cadro 16: Situación contable do concerto licitado NB-SER4-17-001 (miles de euros)	44
Cadro 17: Actividade do Centro Oncolóxico de Galicia	44
Cadro 18: Base instalada	56





CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 92




ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Distribución dos medios materiais por provedor antes de formalizar o contrato	12
Gráfico 2: Evolución do número de probas	21
Gráfico 3: Comparación antigüidade base instalada co óptimo recomendado.....	23
Gráfico 4: Tipos de xuro efectivo de emisións novas.....	28
Gráfico 5: Evolución actividade Galaria.....	43
Gráfico 6: Evolución actividade Centro Oncolóxico de Galicia.....	45
Gráfico 7: Probas de radioloxía convencional.....	47
Gráfico 8: Actividade de mamografías no Sergas e en centros concertados.....	47
Gráfico 9: Actividade total de mamografías	48
Gráfico 10: Actividade de resonancias magnéticas no Sergas e en centros concertados	48
Gráfico 11: Actividade total de resonancias magnéticas.....	49
Gráfico 12: Actividade de TAC no Sergas e en centros concertados.....	49
Gráfico 13: Actividade total de TAC	50
Gráfico 14: Actividade de radioloxía vascular intervencionista.....	50
Gráfico 15: Actividade de gammagrafías no Sergas e en centros concertados.....	51
Gráfico 16: Actividade total de gammagrafías	51
Gráfico 17: Actividade de PET no Sergas e en centros concertados.....	52
Gráfico 18: Actividade total de PET	52
Gráfico 19: Probas nas salas de hemodinámica e electrofisioloxía	53
Gráfico 20: Actividade con aceleradores lineais no Sergas.....	53
Gráfico 21: Actividade concertada con aceleradores lineais.....	54
Gráfico 22: Número de pacientes en lista de espera.....	54
Gráfico 23: Tempo medio de espera	55
Gráfico 24: Gasto orzamentario por mantemento e canons.....	56
Gráfico 25: Gasto en bens correntes e servizos	57
Gráfico 26: Gasto en asistencia sanitaria con medios alleos	58
Gráfico 27: Antigüidade dos equipos antes e despois do contrato.....	59
Gráfico 28: Antigüidade dos equipos pasados 5 anos da formalización do contrato	60





CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 92



ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1: Liquidación do orzamento da Comunidade Autónoma	63
Anexo 2: Tipos efectivos de xuros das novas emisións	64
Anexo 3: Cálculo das cotas financeiras do arrendamento	65
Anexo 4: Facturas emitidas	66
Anexo 5: Situación orzamentaria da contratación	71




Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 92





CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 92




ABREVIATURAS

CA	Comunidade Autónoma
PET	Tomografía por emisión de positrons
RM	Resonancia magnética
Sergas	Servizo Galego de Saúde
SNS	Sistema Nacional de Saúde
TAC	Tomografía axial computarizada
TAC-RT	Tomografía axial computarizada-Radioterapia
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación
TRLCSP	Texto refundido Lei de contratos do sector público
TRLRFOG	Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
MINHAC	Ministerio de Hacienda
IGAE	Intervención Xeral da Administración do Estado
AIREF	Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal





CSV: BOPGDSPG-kseAAQuD0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 92



I. INTRODUCCIÓN

No ano 2013 o Sergas acordou o inicio dun procedemento de contratación que denominou “Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia”.

Trátase dun contrato que ten por obxecto a renovación tecnolóxica dos dispositivos de “alta tecnoloxía” empregados no diagnóstico e tratamento de enfermidades.

Deste xeito, como se describe no propio expediente de contratación, preténdese amparar unha actuación global e integrada que comprenda o estudo da solución máis adecuada e economicamente máis vantaxosa para cubrir a demanda de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia. O socio tecnolóxico (adxudicatario) achegará no diálogo as súas propostas de solución, propoñerá os modelos de xestión e poñerá a disposición do Sergas os medios materiais necesarios asumindo o risco da súa dispoñibilidade, instalación, mantemento integral, actualización e renovación no prazo de execución do contrato, asumindo tamén a necesaria formación do persoal do Sergas que utiliza a dita tecnoloxía.

Basándose no resultado do diálogo competitivo, as prestacións obxecto do contrato, para todos os lotes, abranguen: a posta a disposición dos equipos, a súa actualización, o mantemento integral, a execución das instalación e obras necesarias para a efectiva posta a disposición do equipamento, a formación dos profesionais e a desinstalación e a retirada a finalización ou resolución do contrato.


Os equipos e sistemas postos a disposición da Administración son propiedade do contratista, ostentando o Sergas un dereito de uso sobre eles.

A duración do contrato é de 8 anos cun orzamento de licitación de 88 millóns de euros, distribuídos en tres lotes, segundo o seguinte detalle:

- | | |
|--|------------------|
| ○ Lote 1: diagnóstico por imaxe e medicina nuclear | 55.841.500 euros |
| ○ Lote 2: intervencionismo guiado por imaxe | 5.445.000 euros |
| ○ Lote 3: radioterapia | 27.043.500 euros |


Tanto pola tipoloxía do procedemento de contratación, como pola importancia do obxecto do contrato, o Consello de Contas de Galicia acordou incluír no seu Plan anual de traballo para o ano 2019, aprobado polo Pleno da Institución o 20 de decembro de 2018, a fiscalización deste contrato, programando a súa finalización no ano 2020, aínda que circunstancias sobrevidas impediron cumprir este obxectivo.

A complexidade do contrato deriva da determinación das necesidades que se pretenden cubrir, así como da forma mediante a cal se pretende adquirir este tipo de tecnoloxía, xa que ata ese momento



a adquisición non estaba centralizada e por suposto os equipos tiñan procedencias tecnolóxicas diferentes, correspondendo a distintos provedores tal e como se reflicte no seguinte gráfico:

Gráfico 1: Distribución dos medios materiais por proveedor antes de formalizar o contrato



Aínda que non existe unha definición exacta sobre o concepto de “alta tecnoloxía” a AIREF (Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal) defínea como “aquela tecnoloxía que é complexa, dun alto custo, con esixencia de mantemento e baixo o control dun especialista sanitario”. Pola súa banda, o Sergas estima que esta se poida clasificar en tecnoloxía de diagnóstico e terapéutica, desagregándoa como o conxunto de equipos e instalacións seguintes:

- I. Diagnóstico por imaxe, que inclúe:
 - a. Radioloxía convencional
 - b. Mamografía
 - c. Resonancia magnética (RM)
 - d. Tomografía axial computarizada (TAC)
 - e. Radioloxía vascular intervencionista.
- II. Cardiología intervencionista, que inclúe:
 - a. Salas de hemodinámica
 - b. Salas de electrofisioloxía.





III. Medicina Nuclear, que inclúe:

- a. Tomografía por emisión de positróns (PET)
- b. Gammacámara.

IV. Radioterapia, que inclúe:

- a. Aceleradores lineais
- b. TAC-RT.

I.1. ALCANCE, OBXECTIVOS

O alcance desta fiscalización comprende tanto a preparación do contrato como o procedemento de adxudicación e a súa execución, desde o seu inicio ata finais de 2020 cando a execución xa levaba catro exercicios completos. Un elemento adicional versará sobre os resultados do contrato en termos de actividade e financeiros.

Trátase dunha auditoría de cumprimento e operativa.

Respecto aos obxectivos da fiscalización podemos dividilos en tres grupos:

- A avaliación da procedencia do modelo de contrato e a súa adecuada xustificación
- A fiscalización do procedemento de adxudicación e a revisión da execución
- Por último, a análise da eficiencia do contrato en relación á mellora do servizo prestado.

I.2. LIMITACIÓNS


Tanto os responsables do organismo como o seu persoal prestaron unha adecuada colaboración que contribuíu á correcta execución dos traballos.

A situación de pandemia derivada da Declaración de Emerxencia impediu que se desenvolvesen traballos de campo específicos para realizar unha comprobación material dos equipos instalados. Tampouco foi posible dispoñer das xustificacións dos descontos realizados nas facturas polo que a fiscalización limitouse a verificar a documentación enviada para a realización dos pagos.

I.3. RESPONSABILIDADES

Responsabilidades do órgano de dirección

Corresponde aos órganos de dirección a xestión contractual e a xestión económico-administrativa nos termos establecidos na normativa de aplicación (TRLCSP e TRLRFOG).



Correspóndelle á Xerencia do Sergas e á Dirección Xeral de Recursos Económicos velar para a preparación, licitación e execución dos contratos se realice conforme ao estipulado na normativa de aplicación e nos termos establecidos nos respectivos pregos.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Recursos Económicos velar porque a xestión orzamentaria dos gastos relativos aos contratos se realice conforme á normativa financeira.

Responsabilidades do Consello de Contas

É responsabilidade do Consello de Contas expresar unha opinión sobre o cumprimento da legalidade por parte do Sergas na tramitación do contrato e a súa adecuación aos fins que se perseguen, conforme á auditoría realizada.

Esta auditoría realizouse seguindo os principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo, en particular, coas normas ISSAI.

Considérase que a evidencia de auditoría obtida proporciona unha base suficiente para fundamentar a opinión manifestada a continuación con seguridade razoable.

II. CONCLUSIÓN

Trátase dun contrato complexo que emprega a figura do diálogo co sector privado para conseguir axustar a oferta de equipamento ás necesidades do Sergas, no que ademais se transfire o risco derivado da “propiedade” dos bens ao socio privado mediante a fórmula de “pago por dispoñibilidade”.

A tramitación deste contrato, mediante o procedemento de diálogo competitivo, esixe, con carácter previo, un traballo por parte do Sergas para realizar unha avaliación na que se xustifiquen as necesidades para satisfacer e a imposibilidade de definir o obxecto do contrato. Tamén é necesario que se elabore un documento polo que se regule o procedemento do diálogo co sector privado no que se concretará a solución técnica das necesidades que se han de satisfacer.

Avaliación previa

- O Sergas xustifica a utilización deste tipo contractual na imposibilidade de cuantificar os medios necesarios para cubrir as súas necesidades, para o que emprega unha análise da demanda de servizos utilizando como base unicamente o exercicio 2012. Este marco temporal é insuficiente xa que os datos dun único exercicio poden verse afectados por factores tanto externos como internos.
- Tamén se xustifica pola evolución crecente deste tipo de probas así como pola obsolescencia da base instalada necesaria para a realización destas, xa que a vida media dos equipos supera os 12





anos e máis do 50% dos equipos teñen máis de 10 anos, excedendo as recomendacións para a renovación destas tecnoloxías.

- En canto ás dificultades financeiras, o Sergas programa un contrato polo que se poñen a disposición 75 equipos, o que supón máis do 30% da base instalada, implicando unhas necesidades de recursos de 88 millóns de euros.
- No período no que se planifica a contratación, a CA ten que recorrer ao endebedamento para poder atender ás necesidades de financiamento dos seus gastos de capital e o Sergas non dispón dun orzamento de capital que permita atender a esas necesidades, pero si ten dispoñibilidades que lle permitirían afrontar esa renovación nun marco temporal máis amplo.
- Respecto da avaliación financeira das distintas modalidades de contratación, non se ten en conta a evolución dos mercados financeiros, utilizando tipos de xuros excesivos. A valoración financeira axustada ás condicións de mercado, entre as diferentes modalidades, pon de manifesto unha diferenza inferior ao 5% do valor do contrato, polo que o compoñente financeiro non debería ter un peso significativo na avaliación das opcións.
- Outro dos elementos que non se tivo en conta na avaliación das opcións contractuais é o impacto das distintas modalidades de contratación no cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Cabe sinalar que neste sentido a opción elixida é a que garante un menor impacto no cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.
- Como conclusión á avaliación previa do contrato, a pesar das deficiencias atopadas na análise das condicións financeiras contidas no documento, estas non resultaron determinantes para elixir a modalidade contractual. Dito isto, é claro que a necesidade que o Sergas quere satisfacer é, en último termo, dispoñer da tecnoloxía necesaria para prestar, da forma máis eficiente posible, a atención sanitaria demandada pola sociedade á que serve. Neste sentido, a opción por un contrato que flexibilice o servizo e permita a continua adaptación tecnolóxica dos equipos, xunto co impacto en termos de estabilidade orzamentaria é a máis adecuada neste ámbito no que o gradiente tecnolóxico é elevado.

Documento descriptivo

É o outro documento esencial da contratación baixo esta modalidade, respecto ao que non se atoparon deficiencias nin no seu deseño nin na súa execución.

Tramitación e execución

A tramitación deste tipo de contratos realízase por fases: unha fase inicial na que se seleccionan, en concorrència competitiva, os posibles provedores; unha fase de diálogo na que o Sergas define, en



diálogo cos candidatos seleccionados, a solución óptima; e unha fase final na que os provedores fan as súas ofertas á solución concretada polo Sergas.

- O procedemento de contratación tivo unha duración de 20 meses, o que evidencia a complexidade tanto na definición do obxecto do contrato como do procedemento elixido.
- O procedemento de diálogo competitivo permitiu axustar as previsións financeiras do contrato alcanzando un aforro do 11%.
- O contrato, ademais de incluír a posta á disposición dos equipos, tamén inclúe unha serie de prestacións accesorias, como a actualización tecnolóxica da base instalada do Sergas ou a instalación da Plataforma Avanzada de procesamento de Imaxe.

Do seguimento das facturas emitidas non se pode determinar, de forma clara, cales se corresponden con actuacións realizadas sobre a base instalada e cales se corresponden coa dispoñibilidade de equipos.

- Respecto ao risco de dispoñibilidade, analizouse o valor dos descontos aplicados na facturación, resultando que non alcanza nin o 1% da facturación do período, polo que se conclúe que non existe unha transferencia do risco ao socio privado.
- En canto á tramitación contable do contrato, salvo erros producidos no peche de 2015, e o reaxuste de anualidades realizado en 2016, as operacións axústanse á normativa vixente. Porén, as descrições das operacións non facilitan nin o seguimento nin a compresión dos gastos realizados.

Outras entidades

- Por mor deste contrato incluíronse nas necesidades tecnolóxicas do Sergas as dotacións doutras entidades que lle prestan servizos, en concreto Galaria e o Centro Oncolóxico de Galicia.

No caso de Galaria, o convenio formalizado para a cesión dos equipos obxecto do contrato conleva implicacións económicas que non están debidamente contabilizadas, xa que se produce unha compensación de ingresos e gastos.

En canto á Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, non está debidamente xustificada a súa participación no contrato xa que se trata dunha entidade privada que presta servizos de natureza sanitaria en condicións de mercado.

En ambos os casos, a pesar de estar identificados os bens cedidos, a cobranza para o Sergas determínase a tanto alzado, en lugar dos importes facturados polo socio privado polos mencionados equipos.





Eficacia e eficiencia

- Avaliouse a eficacia e a eficiencia do contrato baseándose en catro indicadores: a variable actividade, as listas de espera, o aforro financeiro e a obsolescencia da base instalada.

En relación á variación da actividade, conclúese que existe un incremento no número de probas realizadas como consecuencia da formalización do contrato, tanto de diagnóstico por imaxe e medicina nuclear; de intervencionismo guiado por imaxe, como de radioterapia no período 2016-2018 en relación ao número de probas realizadas no ano 2014, non logrando superarse o número de RM realizadas no ano 2019 con respecto ao devandito ano.

Desde un punto de vista global, obsérvase unha tendencia positiva no número de probas realizadas en centros do Sergas, fronte as realizadas en centros concertados

Pese a existir un incremento na actividade, este non tivo reflexo nun descenso do número de pacientes nas listas de espera para a realización das devanditas probas.

En relación aos aforros orzamentarios nos gastos de mantemento de equipos, obsérvase unha redución nos gastos de mantemento a partir da entrada en vigor do contrato, sen ben existe un incremento global no gasto en bens correntes e servizos.

No relativo á análise da obsolescencia, púxose de manifesto unha mellora significativa como consecuencia das renovacións dos equipos, se ben os estándares de antigüidade óptima deixarían de cumprirse unha vez transcorridos os cinco primeiros anos do contrato.

III. RECOMENDACIÓNS

Á vista das anteriores conclusións fórmulanse as seguintes recomendacións:

1. Débense mellorar as fontes de información, acudindo a datos oficiais referidos a un período de tempo suficientemente amplo que permita dispoñer de datos de calidade que faciliten a avaliación previa nas decisións de contratación.
2. Deberán establecerse, para este tipo de contratos de colaboración entre o sector público e o privado, os mecanismos necesarios que garantan que as condicións financeiras da licitación se axustan á realidade dos mercados.
3. Débese mellorar o deseño deste tipo de contratos, asegurando que a transferencia de riscos ao socio privado sexa real e efectiva.
4. Hanse de planificar, a medio e a longo prazo, as necesidades tanto de novos equipos como a reposición da base instalada para poder garantir a actualización tecnolóxica permanente e manter e



mellorar os estándares de obsolescencia, así como para poder planificar os recursos financeiros suficientes para atendelas.

IV. NORMATIVA

- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- Orde do 16 de novembro de 2015, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio 2015 e a apertura de 2016.
- Orde do 23 de novembro de 2016, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio 2016 e a apertura de 2017.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

V. TIPO DE CONTRATO

O Sergas decidiu recorrer a unha modalidade de contrato que ata a data non se utilizou para a adquisición deste tipo de equipamento, a colaboración entre o sector público e o sector privado.

As características principais desta tipoloxía de contratos, tal e como sinalou este Consello¹, pódense resumir en dous:

- Contratos de longa duración, normalmente relacionados coa vida útil das infraestruturas que se han de poñer en funcionamento e explotar durante a vida do contrato.

¹ “Ditame sobre a regra fiscal aplicable aos acordos de colaboración público-privada”.





- A existencia dun operador económico privado, que soporta o financiamento do proxecto e asume parte dos riscos que habitualmente corresponden ao sector público.

O artigo 11 do TRLCSP, vixente nese momento, posibilitaba a realización deste tipo de contratos, limitando o seu emprego a casos moi concretos que, ademais de ter en conta as características sinaladas anteriormente, teñan por obxecto algunha das prestacións que se enumeran no citado precepto. Neste sentido o contrato pode verse incluído nas prestacións ás que se refiren as letras a) ou c) do citado artigo².

Os informes xurídicos que acompañan ao expediente de contratación non aclaran este punto, limitándose a indicar que cumpre coas esixencias previstas na norma para este tipo de contratos.

Á vista dos documentos que obran no expediente, en concreto o de “Avaliación previa”, non queda claro se o que se pretende é conseguir unha solución tecnolóxica a medida das necesidades do Sergas, o cal levaría implícito unha necesidade de desenvolvemento tecnolóxico polo socio privado e estaría dentro do apartado c), ou ben se trata dunha mera fórmula de arrendamento de servizos polo que se transfieren riscos, en concreto o de dispoñibilidade e o financiamento dos equipamentos, ao sector privado nese caso sería a opción a).

En todo caso, exista innovación ou non no proceso, a figura contractual elixida resulta adecuada para os fins que se perseguen.

Unha consecuencia inmediata da elección desta fórmula contractual é que o procedemento de adxudicación débese realizar mediante un proceso de diálogo entre o sector público e o sector privado que se articula en tres fases: unha fase previa na que o órgano de contratación identifica as necesidades que pretende cubrir, abrindo un prazo para que os interesados poidan formular a súa intención de participar no proceso; esta fase previa conclúe coa selección dos candidatos que, cumprindo os requisitos, fosen seleccionados polo órgano de contratación. Unha segunda fase dirixida por un órgano específico (mesa) na que os seleccionados na fase previa formulan as súas propostas iniciais para a cobertura das necesidades identificadas, sendo aquelas negociadas e consensuadas entre os candidatos e o órgano encargado do diálogo. Esta fase conclúe co peche do diálogo e permitirá ao órgano de contratación definir os medios cos que cubrir as súas necesidades. Por último, na fase final convídase os participantes no diálogo a que formulen a súa proposta final e conclúese coa selección do correspondente adxudicatario por parte do órgano de contratación.

² “a) A construción, instalación ou transformación de obras, equipos, sistemas, e produtos ou bens complexos, así como o seu mantemento, actualización ou renovación, a súa explotación ou a súa xestión.

...

c) A fabricación de bens e a prestación de servizos que incorporen tecnoloxía especificamente desenvolvida co propósito de achegar solucións máis avanzadas e economicamente máis vantaxosas que as existentes no mercado.”



VI. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

VI.1. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS

O libro II do TRLCSP baixo a rúbrica de “Preparación dos contratos” establece no Capítulo 2º do Título I as normas especiais na preparación de determinados tipos de contratos, especificando na Sección 4ª as particularidades da preparación dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Dentro das peculiaridades esixidas para este tipo de contratos, os artigos 134 e 135 do TRLCSP sinalan a necesidade de elaborar un documento de avaliación e un programa funcional.

O programa funcional contén a descrición do contrato e o procedemento que se seguirá para o diálogo cos contratistas. Porén, centrarémonos na avaliación previa xa que é a base para a concreción do obxecto e o tipo de licitación.

AVALIACIÓN PREVIA

O documento de “Avaliación previa” constitúe o instrumento sobre o que se constrúe o expediente de contratación e ha de indicar de forma exhaustiva:

- a imposibilidade de definir os medios técnicos necesarios, ou
- de establecer os mecanismos xurídicos e financeiros necesarios para levar a cabo o contrato, e
- xustificar, entre as distintas opcións de contratación, que a seleccionada representa a mellor elección desde un punto de vista financeiro, de eficacia ou de distribución de riscos.

Imposibilidade para determinar os equipos necesarios

Neste sentido o propio documento sinala que o Sergas ten dificultades para definir os medios técnicos necesarios e, concretamente, fai mención a catro:

- Dificultade para establecer estándares técnicos de dotación
- Dificultades para calcular o número de equipos necesarios
- Dificultades para establecer estándares de renovación
- Dificultades de financiamento.

Nos seguintes apartados analizaremos a motivación do Sergas para xustificar estas dificultades desde tres perspectivas: a actividade, a actualización tecnolóxica e o financiamento.



A. En función da actividade actual deste tipo de equipos


Inclúese no citado documento a información relativa á actividade realizada, utilizando como indicador o “número de estudos” e cunha valoración que deriva de fontes de información internas do propio Sergas.

A este respecto debemos indicar que, para a finalidade prevista que é xustificar o dimensionamento e a definición precisa da prestación do contrato, esta información ten dúas debilidades: por unha banda, refírese a un único ano (2012), o que non permite visualizar a necesidade real, xa que os datos poden estar condicionados por factores internos (plans especiais de actividade) ou externos (intrínsecos á propia demanda); e doutra banda, existen fontes públicas deste tipo de información, en concreto a estatística sanitaria publicada polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social³, que difiren dos datos tomados como referencia na valoración.

Cabe sinalar, en relación con esta información publicada que, aínda que é unha fonte pública de natureza estatística e que permite comparar a información entre as diferentes comunidades autónomas, non posibilita facer unha análise sobre todos os equipamentos deste contrato xa que non inclúe todos os tipos de probas que se realizan, en concreto, podemos sinalar as do lote 3 do contrato que se refiren a radioterapia. Pola contra, a serie anual dispoñible no portal do Ministerio permítenos analizar as probas realizadas en hospitais do SNS correspondentes aos equipamentos do lote 1, que representan o 66% das necesidades financeiras previstas no documento de “Avaliación previa”.

Esta información estatística móstranos que a evolución, tanto en número de probas globais como no seu cociente por cada mil habitantes, ten unha tendencia crecente ou estable, o que xustifica a necesidade de incrementar e, no seu caso, actualizar o equipamento.


Gráfico 2: Evolución do número de probas



³ <https://pestadistico.inteligenciadegestion.mscbs.es/publicoSNS/comun/DefaultPublico.aspx>



Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Sergas [1642019-03]



De forma adicional, o documento de avaliación inclúe dentro deste apartado información relativa á actividade que non foi posible atender cos medios propios. Esta información reflíctese con dous datos diferentes: por unha banda, a actividade concertada e, por outro, o tempo de espera para a realización dunha proba con este tipo de tecnoloxía.

No caso da lista de espera atopámonos con datos moi variados; os días de espera oscilan entre os 25 días para un PET e os 137 días para a radioloxía vascular intervencionista, e en canto ao número de pacientes, entre 12.780 para unha radiografía e 25 para o caso de gammagrafías.

Cadro 1: Datos lista de espera

	Diagnóstico por imaxe					Cardioloxía intervencionista	Medicina nuclear	
	Radioloxía convencional	Mamografía	RM	TAC	Radioloxía vascular intervencionista		Gammagrafías	PET
Pacientes en lista de espera (dec 2012)	12.780	1.759	6.931	2.781	48	427	25	68
Tempo medio de espera (dec 2012) (días)	38	85	51	51	137	55	36	25

Fonte: Documento de Avaliación previa

Como se dixo, en relación aos datos de actividade, a información fai referencia a un único exercicio, polo que non se pode avaliar se se trata dunha situación puntual de necesidades ou é algo estrutural e, neste caso, tampouco é posible contrastar a información con fontes estatísticas.

B. En función da natureza tecnolóxica

Este apartado é o que, a xuízo deste órgano fiscalizador, ten maior relevancia para a elección do tipo contractual, xa que se trata de equipamentos cunha alta carga tecnolóxica e que na actualidade están sometidos a un grao de obsolescencia acelerada.

Neste sentido o documento cita as recomendacións dunha organización internacional, COCIR, que é a Asociación Europea de Comercio que representa ás industrias de imaxes médicas, radioterapia, TIC para a saúde e electromedicina, que cifra estándares de renovación de equipamentos, sinalando que o 60% ha de ter menos de 5 anos de antigüidade, o 30% entre 6 e 10 anos e só o 10% máis de 10 anos.






Primeiramente, convén apuntar que estas son recomendacións xenéricas dunha entidade que representa ao sector industrial destas tecnoloxías, polo que os seus criterios non son de todo independentes e de calquera forma considéranos como un estándar de renovación óptimo.

Porén, o que si é certo é que as tecnoloxías nos últimos tempos evolucionan cunha rapidez sen precedentes, o que provoca que tanto a súa eficacia como a eficiencia melloren de forma exponencial.

A base instalada no Sergas para este equipamento non cumpre cos estándares de antigüidade óptimos citados xa que, dun total de 240 equipos en activo instalados, 120 pasan de 10 anos (o 50%) e 225 pasan de 5 anos (o 94%). No seguinte gráfico reflíctese a situación descrita de obsolescencia da base instalada e compárase coa situación óptima recomendada.

Gráfico 3: Comparación antigüidade base instalada co óptimo recomendado



A pesar dese grao de obsolescencia, a situación é moi dispar en función da tipoloxía dos equipos da que se trate. No seguinte cadro móstrase a antigüidade da base instalada en función do tipo de equipo:



Cadro 2: Antigüidade dos equipos

		Núm. de equipos activos instalados	% equipos con antigüidade menor ou igual a 5 anos	% equipos de máis de 5 anos	% equipos entre 5 e 10 anos	% equipos de máis de 10 anos
Diagnóstico por imaxe	Radioloxía convencional	128	20%	80%	30%	50%
	Mamografía	28	21%	79%	32%	47%
	RM	15	20%	80%	20%	60%
	TAC	29	60%	40%	17%	23%
	Radioloxía vascular intervencionista	10	40%	60%	30%	30%
Cardioloxía intervencionista	Salas de hemodinámica	7	43%	57%	43%	14%
	Salas de electrofisioloxía	3	33%	67%		67%
Medicina nuclear	Gamma cámaras	6	17%	83%	66%	17%
	PET	2	50%	50%	50%	
Radioterapia	Aceleradores lineais	9	22%	78%	56%	22%
	TAC-RT	3	33%	67%	33%	34%

Fonte: Documento de Avaliación previa

Á vista das necesidades formuladas, centradas na obsolescencia dos equipos e a demanda, é necesario indicar que esta análise é incompleta, xa que non establece, como recolle o propio documento, un estudo de frecuentación e rendemento dos equipos, é dicir, cal é a capacidade absorbida pola base tecnolóxica instalada ou unha análise da capacidade dos equipos dispoñibles para funcionar ao 100% da súa capacidade.

Xa que logo, mentres que a dificultade técnica dos equipos responde a unha dificultade real para a determinación dos medios necesarios, as demais derivan exclusivamente dos propios sistemas de información utilizados e da posible falta de coordinación entre os diferentes departamentos do Sergas. Neste sentido, os datos do número de equipos necesarios e dos estándares de renovación deberon de proceder dunha exhaustiva análise sobre o funcionamento dos equipos instalados e sobre as necesidades previstas sinaladas no apartado primeiro do devandito documento e non da opinión emitida polo sector privado sobre este asunto.

C. Dificultades financeiras

Respecto das necesidades financeiras, é certo que as dispoñibilidades orzamentarias do Sergas, nos exercicios nos que se planifica este contrato, son escasas, do mesmo xeito que no resto da administración autonómica ao estar limitadas por uns ingresos insuficientes e ter que recorrer ao endebedamento para afrontar as decisións de investimento.

No seguinte cadro móstrase a liquidación do orzamento da CA de Galicia no período 2012-2019, o cal reflicte que a Xunta tivo que recorrer ás operacións financeiras para poder atender ás necesidades en gastos de capital. Exponse con maior detalle no [anexo 1](#).



Cadro 3: Liquidación orzamentaria (miles de euros)

Liquidación do orzamento		Exercicio							
		2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Ingresos	Operacións correntes (Caps. I a V)	7.347.520	7.426.382	7.291.278	7.674.422	8.061.587	8.400.427	8.762.061	8.868.758
	Operacións de capital (Caps. VI e VII)	658.086	653.088	564.222	778.088	445.186	478.490	449.060	437.781
	Operacións financeiras (Caps. VIII e IX)	1.657.323	1.934.785	2.247.033	1.785.092	1.916.428	2.253.043	1.238.857	3.001.898
	Total ingresos	9.662.929	10.014.255	10.102.533	10.237.602	10.423.201	11.131.960	10.449.979	12.308.437
Gastos	Operacións correntes (Caps. I a V)	7.470.781	7.349.398	7.375.627	7.470.664	7.606.658	7.864.068	7.987.233	8.329.948
	Operacións de capital (Caps. VI e VII)	1.419.012	1.273.574	1.122.010	1.404.349	1.251.923	1.260.699	1.121.766	1.194.385
	Operacións financeiras (Caps. VIII e IX)	703.943	1.155.160	1.628.923	1.446.825	1.510.315	1.883.011	1.163.986	3.103.309
	Total gastos	9.593.736	9.778.132	10.126.559	10.321.838	10.368.896	11.007.778	10.272.985	12.627.643
Resultado orzamentario	Resultado de operacións correntes	-123.261	76.983	-84.349	203.758	454.930	536.359	774.828	538.810
	Resultado de operacións de capital	-760.926	-620.486	-557.788	-626.261	-806.738	-782.208	-672.706	-756.604
	Resultado de operacións financeiras	953.380	779.626	618.110	338.267	406.113	370.032	74.872	-101.411
	Necesidades financeiras	884.187	543.503	642.136	422.503	351.808	245.849	-102.122	217.795

Fonte: Central de información económico-financiera. Ministerio de hacienda

A pesar desta situación, os datos contables mostran unhas disponibilidades orzamentarias que permitirían levar a cabo unha planificación de renovación de todos os equipos de forma gradual e non de forma simultánea. En concreto, no período 2012-2019 os remanentes de crédito non comprometidos nos capítulos de gastos de capital ascenden a 234 millóns, pero se excluimos as modalidades 3 e 4 que representan financiamento afectado e consideramos unicamente o financiamento con fondos propios e FCI (modalidades 1 e 2), os remanentes ascenderían a 52 millóns.

Cadro 4: Remanentes non comprometidos (miles de euros)

Capítulo /modalidade	Remanentes de crédito (Crédito definitivo - Compromisos)								
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Total período
Capítulo VI	21.069	32.651	82.009	41.708	28.996	12.497	8.164	4.735	231.828
Modalidade 1	6.268	9.455	5.117	2.117	6.808	261	176	0	30.201
Modalidade 2	0	393	5.624	4.901	5.781	1.580	2.254	0	20.532
Modalidade 3	6.611	7.979	9.289	6.440	2.654	2.812	3.248	2.907	41.940
Modalidade 4	8.190	14.824	61.978	28.251	13.753	7.845	2.485	1.828	139.155
Capítulo VII	223	123	539	15	788	34	34	90	1.845
Modalidade 1	48	0	416	15	788	0	0	0	1.267
Modalidade 3	175	123	123	0	0	34	34	90	578
Total remanentes	21.292	32.773	82.547	41.723	29.784	12.531	8.198	4.825	233.673
Total modalidade 1	6.315	9.455	5.533	2.132	7.596	261	176	0	31.467
Total modalidade 2	0	393	5.624	4.901	5.781	1.580	2.254	0	20.532
Total modalidade 1e 2	6.315	9.847	11.157	7.033	13.376	1.840	2.430	0	51.999

Fonte: Elaboración propia a partir da Conta Xeral do Sergas



Tendo en conta que as necesidades financeiras previstas eran de 54,5 millóns de euros (52,1 de equipamento e 2,4 para as obras) a posibilidade de facer unha planificación e axustar os gastos de capítulos de investimento para atender a este gasto sería factible.

Comparativa das alternativas de contratación

En canto á comparación entre as distintas alternativas de contratación, o documento cita, de forma clara, cales son os elementos esenciais do servizo que se valoran para cada tipo de contrato:

- Rápida obsolescencia
- Necesidade de actualización
- Maquinaria con alto custo de mantemento
- Importe do contrato.

As opcións que avalía son catro:

- a) Contrato de subministración, no que se proxecta a adquisición do equipamento por parte do Sergas e a posterior contratación tanto do mantemento como da actualización (mantemento evolutivo).
- b) O arrendamento financeiro dos equipos que, segundo o propio documento, levaría aparellada a contratación do mantemento.
- c) O contrato de xestión de servizos públicos.
- d) O contrato de colaboración entre o sector público e o privado.

A avaliación financeira que se fai destas opcións contractuais céntrase, basicamente, en dúas, a de pago en man ou a de arrendamento, xa que a opción b) desde un punto de vista financeiro é practicamente a mesma que a c) e a d).

En todos os casos hai unha serie de gastos que son inevitables, calquera que sexa a opción elixida, que son os vinculados á instalación (a obra civil necesaria) e a actualización tecnolóxica da base preinstalada que non se renova. Ademais, na análise considéranse gastos derivados do mantemento posterior dos equipos, que, segundo as ofertas presentadas polos licitadores, son valoracións bastante aproximadas, xa que o mantemento anual está entre o 10% e o 20% do valor en man.

Para facer unha correcta avaliación considéranse os mesmos valores dos bens que se prevén adquirir (en propiedade ou arrendamento). Para iso, partimos do cadro onde se avalía o arrendamento, xa que indica cantos son os bens e ofrece un valor en man moi axustado (tendo en conta as ofertas adxudicadas).





Cadro 5: Necesidades financeiras (miles de euros)

Equipo	Valor ao contado unitario sen IVE	Núm. equipos	Importe dos equipos
CT-64C	657	6	3.942
CT-16C	270	2	540
CT-RT	405	2	810
RM - 3T	1.350	2	2.700
RM - 1,5T	810	3	2.430
Mamógrafo dixital	225	15	3.375
PET -CT	1.287	2	2.574
Gammacámara -CT	441	2	882
RX dixital 2D	185	18	3.321
RX dixital 1D	139	3	417
Vascular	630	3	1.890
BI'PLANO	900	2	1.800
Hemodinámica	540	2	1.080
Electrofisioloxía	540	2	1.080
Aceleradores IGRT	1.710	10	17.100
REDE+ planificador tipo II	610	2	1.220
REDE+ planificador tipo I	410	1	410
Total sen IVE			45.571
Total con IVE (21%)			55.141


Fonte: Documento de Avaliación previa

Adicionalmente, consideramos adecuado non ter en conta, na valoración das ofertas, o marco temporal de instalación, xa que se prevé que teña unha fase de implantación superior a un ano, pero é común en todas as opcións.

A valoración que se fai na opción de arrendamento considera unha taxa de tipos de xuro anual do 9,26%, valor que dista moito dos de mercado. No [anexo 2](#) figura a táboa de tipos de xuro das emisións novas realizadas polo Banco de España de bonos a 5 anos e obrigas a 10 realizadas no período 2012-2015, que reflicten un diferencial excesivo respecto ao mencionado tipo de valoración. De igual forma o tipo medio de xuro da débeda da CA no período atópase no 3,4%⁴. O seguinte gráfico mostra que a tendencia dos tipos de xuro das emisións públicas ten unha pendente decrecente, o que indica que a evolución dos tipos de xuro será baixista no período de licitación do contrato.



Gráfico 4: Tipos de xuro efectivo de emisións novas



Fonte: Banco de España

Tamén o informe elaborado en 2015 pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira sinala de forma clara que o tipo de xuro da operación exposto como retribución do socio privado é elevado, e considera que nese momento o tipo de xuro da operación é do 6%. Este extremo foi emendado na fase de licitación ao acadar un tipo de xuro do 2,7%.

Para os efectos de facer unha comparación adecuada dos dous tipos de contratos, consideramos que o tipo de xuro da operación sería o da adxudicación, 2,7%, e que o tipo de xuro da débeda axústase ao que reflicte a táboa de emisións, o 1%.

Do devandito análise dedúcese que a cota anual que supoñería o arrendamento nestas condicións sería de 7,76 millóns de euros, fronte aos 10,06 que reflicte o documento de Avaliación previa. Acompáñase como [anexo 3](#) o cálculo destas cotas.

Comparando o valor en man no momento inicial co valor actual dos pagos derivados do arrendamento resultaría que o valor en man dos equipos sería de 55,1 millóns de euros, mentres que a actualización financeira dos pagos do arrendamento sería de 59,3 millóns de euros, un diferencial de 4,2 millóns.

Cadro 6: Comparativa opcións contractuais (millóns de euros)

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8
Avaliación previa	76,98	10,06	10,06	10,06	10,06	10,06	10,06	10,06	10,06
A tipo de xuro mercado*	59,35	7,76	7,76	7,76	7,76	7,76	7,76	7,76	7,76
Prezo en man**	55,14								

*Tipo de xuro considerado: 2,7%

**VA:1%

Con esta valoración, o diferencial económico entre compra e arrendamento non resultaría determinante á hora de tomar unha decisión sobre o modelo de contrato (menos dun 5% do valor do contrato).





Un elemento substancial que si é determinante para a elección entre as distintas opcións contractuais, e que non se tivo en conta no documento de avaliación previa, é o impacto do contrato na sustentabilidade financeira das contas públicas. Neste sentido a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, e posteriormente a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, esixen que os orzamentos e todas as actuacións que afecten ós ingresos e gastos han de realizarse no marco da estabilidade orzamentaria. Neste sentido, e para garantir o seu cumprimento, as administracións han de cumprir anualmente os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de regra de gasto e de endebedamento fixados polo Estado.

A elección entre as citadas opcións de contrato pode dar lugar a dúas situacións en termos de impacto na estabilidade orzamentaria. Nos casos do contrato de subministración (a) e no de arrendamento financeiro (b) a contabilización nas contas públicas realízase polo total do investimento no ano en que se formaliza o contrato, con independencia de que os pagos se difiran no tempo, mentres que no de xestión de servizos públicos (c) e no de colaboración público privada (d) só se imputa ás contas públicas o importe dos pagos ao adxudicatario, conseguindo diferir o impacto do investimento ao longo da vida do contrato.

No seguinte cadro reflíctese a situación da CA de Galicia en relación ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra de gasto e endebedamento, no período 2013-2016, no que se reflicte a escasa marxe co que se conta para poder afrontar o investimento que se pretende co contrato. Sabendo que o importe do investimento en equipos máis o importe da obra civil necesaria supón, en termos de PIB rexional, o 0,11%, nos anos nos que se expón o contrato carécese de capacidade financeira para atendelo.

No seguinte cadro reflíctense os obxectivos de estabilidade orzamentaria fixados polo MINHAC (Ministerio de Hacienda) e a valoración sobre o seu cumprimento realizada pola AIREF.

Cadro 7: Obxectivos de estabilidade período 2013-2015

Regras fiscais	2013	2014	2015
MINHAC (IGAE)			
Obxectivo de estabilidade orzamentaria (OEP)	-1,2%	-1,0%	-0,7%
Obxectivo de débeda pública (OD)	16,4%	18,5%	18,8%
Obxectivo de regra de gasto (RG)	1,7%	1,5%	1,3%
AIREF			
Distancia ao OEP informes cumprimento obxectivos (1)	0,1%	0,0%	0,0%
Distancia en RG informes cumprimento obxectivos (2)	-3,0%	-4,2%	-0,2%
Distancia ao OD informes cumprimento obxectivos (1)	0,1%	0,0%	0,1%

(1) Signo + supón marxe

(2) Signo - supón marxe



Doutra banda, elementos que si resultan determinantes na elección do tipo de contrato serían o tratamento do contrato en termos de contabilidade nacional, o pago por dispoñibilidade, a continua actualización tecnolóxica e a posibilidade de “diálogo” co socio privado para mellorar e adecuar as solucións tecnolóxicas.

VI.2. INFORME DE REPERCUSIÓN FINANCEIRA

Unha vez determinado a colaboración público-privada como tipo contractual aplicable, un elemento esencial nestas contratacións é o Informe de repercusión financeira.

O artigo 51 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da CA de Galicia para o ano 2011, introduce por primeira vez no ordenamento xurídico a necesidade dun informe previo e vinculante respecto dos contratos de colaboración público-privada no que se analicen aspectos financeiros, a súa repercusión nos orzamentos de exercicios posteriores e o impacto nos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Con posterioridade, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, derroga o mencionado precepto e no seu artigo 32 establece, de forma máis precisa, os aspectos sobre os que debe versar o informe, que segue mantendo o carácter de preceptivo e vinculante.

Respecto ao contrato que nos ocupa, facemos mención aos dous preceptos xa que no expediente constan dous informes: un de data 31 de xullo de 2013 previo á fase de diálogo (con base no mencionado artigo 51) e outro previo á licitación de data 15 de xaneiro de 2015 (baseado no citado artigo 32).

En ambos os casos o informe é favorable e analiza, de forma extensa, tanto o custo financeiro como o impacto económico deste contrato nos orzamentos futuros e a transferencia de riscos entre o sector público e o socio privado. Porén, fanse as seguintes precisións:

- O custo financeiro da operación hase de reducir á vista da evolución da economía española. Hai que ter en conta que a crise financeira do 2012 elevou a volatilidade dos mercados de débeda pública xerando primas de risco moi elevadas e en 2013 os mercados comezaban a estabilizarse.
- Deberían planificarse as dotacións de equipamento ao longo do tempo para evitar impactos elevados nas necesidades orzamentarias.
- Parte deste contrato finánciase con aforros e con gastos de mantemento que xa se estaban asumindo naquel momento (polo menos na parte dos equipamentos que se renovan).

Respecto á primeira precisión apuntada, é un obxectivo que se logrou, xa que a taxa de xuro pola que se adjudicaron os contratos fixouse no 2,7% en lugar do 9% previsto inicialmente.





En canto aos aforros que financian parte do gasto derivado deste contrato analizaranse no apartado [VI.8. eficacia e eficiencia](#).

Polo que afecta á planificación integral da renovación e ampliación da base tecnolóxica, é unha recomendación compartida por este Consello, pero non se ten constancia de que se realizou ningunha actuación neste sentido.

VI.3. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

O contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado adxudicouse conforme ao procedemento de diálogo competitivo tal e como sinala o artigo 180.3 de TRLCSP.

O proceso de diálogo iniciouse coa Resolución do 30 de agosto de 2013 da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas pola que se anuncia o proceso de licitación.

O procedemento de contratación regúlase no TRLCSP, completado de forma máis exhaustiva no apartado 5 do “Documento descritivo inicial”, articulándose en tres fases:

- I. Unha Fase previa na que os interesados presentan unha solicitude para ser admitidos no diálogo, xunto coa correspondente documentación requirida que será examinada pola Mesa especial do diálogo competitivo.
- II. Unha Fase de “diálogo”, na que as empresas seleccionadas na fase anterior para participar no diálogo presentarán unha proposta de solución inicial e sobre a que se negociará coas empresas e concretarase a solución final.
- III. Unha Fase final, na que, coa solución final obtida na fase anterior, as empresas formulan as súas propostas e procédese á adxudicación e formalización do contrato.

A “fase previa” iníciase co anuncio da contratación e finaliza o 13 de decembro de 2013 coa Resolución do director xeral de Recursos Económicos pola que se seleccionan as empresas que poderán participar na Fase de diálogo para os lotes 1 e 2 e coa Resolución do 10 de xaneiro de 2014 para as empresas que participan no lote 3.

A “fase de diálogo ” iníciase coas mesmas resolucións anteriores e conclúe coa Resolución do 16 de xuño de 2014 da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas. Como resultado desta fase concrétese a definición da solución final que se incorpora aos documentos “Condiciones técnicas, xurídicas e económicas da proposta de solución final do contrato de colaboración público-privada para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia” constando un documento específico para cada lote onde se especifican as necesidades que se han de satisfacer, concretamente no punto “2.- Solución idónea para o órgano de contratación”.



Para a “fase final”, con carácter previo, os documentos definitivos que conteñen as solucións idóneas para cada un dos lotes, son novamente remitidos aos servizos xurídicos e sometidos a nova análise respecto ás repercusións financeiras. Ambos informes manteñen os criterios sinalados anteriormente. O día 15 de xaneiro de 2015, por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Económicos, acórdase convidar as empresas que formaron parte do diálogo para que presenten as súas ofertas para dar cobertura á solución final.

Tras o proceso de valoración das ofertas presentadas ditáronse as seguintes resolucións de adxudicación:

- Lote 3 Resolución de data 17 de abril de 2015
- Lote 2 Resolución de data 24 de abril de 2015
- Lote 1 Resolución de data 20 de maio de 2015.

Neste proceso debemos sinalar que non consta a comunicación de invitación ás empresas participantes no diálogo para formular a proposta á solución final, e que o envío do anuncio da adxudicación ao DOUE fíxose fóra do prazo establecido.

En canto ás valoracións técnicas dos criterios non avaliados de forma automática, non aclaran de forma explícita a forma de asignar as puntuacións; con todo, estas valoracións tan só son determinantes na adxudicación do lote de menor contía.

Cadro 8: Puntuacións obtidas polos licitadores

Lote 1 Diagnóstico por imaxe e medicina nuclear		GE Healthcare	Philips	Siemens
	Criterios automáticos	43,871	38,389	35,245
	Criterios non automáticos	24,701	34,687	35,638
	Total	68,572	73,076	70,883
	% peso NON autom.	36,02%	47,47%	50,28%

Lote 2 Intervencionismo guiado por imaxe		GE Healthcare	Philips	Siemens
	Criterios automáticos	36,18	38,79	39,48
	Criterios non automáticos	23,057	43,351	26,858
	Total	59,237	82,141	66,338
	% peso NON autom.	38,92%	52,78%	40,49%

Lote 3 Radioterapia		Varian
	Criterios automáticos	38,99
	Criterios non automáticos	32,477
	Total	71,467
	% peso NON autom.	45,44%



RESULTADO DO PROCESO DE CONTRATACIÓN

Como se pode ver no seguinte cadro, o resultado final da contratación permitiu alcanzar uns aforros do 11,3% do total do contrato; no lote 1, o de maior importe, conséguese un aforro do 13,4%.

Cadro 9: Importes de licitación (miles de euros)

	Gasto autorizado (c/IVE)	Importe licitación (s/IVE)	Importe adxudicación	Aforro
Lote 1 Diagnóstico por imaxe e medicina nuclear	55.842	46.150	39.983	13,4%
Lote 2 Intervencionismo guiado por imaxe	5.445	4.500	3.810	15,3%
Lote 3 Radioterapia	27.044	22.350	20.971	6%
Total contrato	88.330	73.000	64.763	11,3%

Convén sinalar respecto ao procedemento que, á vista dos prazos de tramitación (20 meses), deberase valorar para sucesivos procedementos de contratación que a variable de duración do proceso de licitación pode resultar determinante á hora de optar por outras tipoloxías de contrato menos complexas.

VI.4. MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS

Segundo o expediente remitido, desde a formalización dos contratos (ano 2015) leváronse a cabo tres modificacións.

- Unha no lote 1, relativo a equipamento de diagnóstico por imaxe e medicina nuclear, a cal persegue incrementar a dotación do equipamento do Servizo de Urxencias do Hospital Clínico de Santiago e reorganizar os equipos entre os hospitais da Coruña e o de Ferrol, a costa da non actualización tecnolóxica dun equipo no hospital de Santiago e outro no Meixoeiro. A pesar de non actualizar certos equipos, a modificación supón un incremento do contrato en 963.384,94 euros.

Respecto diso cabe sinalar que non consta xustificación das discrepancias nos importes reflectidos na Memoria xustificativa da modificación e os que ao final se incluíron na modificación aprobada.

- Dúas no Lote 3, relativo á radioterapia. A primeira en decembro de 2017, relativa á actualización tecnolóxica do equipamento situado no "Centro Oncolóxico de Galicia", ao entender que esta actualización xa non é necesaria. Esta modificación supuxo unha minoración do contrato deste lote en 88.593,78 euros.

A segunda, en xullo de 2019, refírese a un cambio de banda tecnolóxica dos aceleradores lineais situados no Hospital Clínico Universitario de Santiago e no Meixoeiro de Vigo, por un importe de 1.020.180,72 euros. Esta modificación levou consigo o reaxuste de anualidades orzamentarias por importe de 1.307.456,28 euros, xa que a dispoñibilidade dun dos equipos (AL-06 CHUS) estaba programada e orzamentada para o cuarto trimestre do exercicio 2018, mentres que a dispoñibilidade



real foi no primeiro trimestre do exercicio 2020. Aínda así, o reaxuste realizado non está correctamente calculado.

Tendo en conta que o contrato fixaba unha mensualidade polo equipo AL-06 CHUS de 22.882,84 euros, o crédito do período no que se atrasa a posta en funcionamento (12 meses) tería que ser de 274.593 euros, que correspondería anular para os anos 2018 e 2019 e reaxustar nas seguintes anualidades. Así, o suplemento de crédito necesario sería a suma do incremento do prezo do contrato (1.020.180,72 euros) máis a dotación do previsto e non consumido dos exercicios 2018 e 2019 (274.593 euros), mentres que o importe do crédito reaxustado foi de 1.509.510 euros e o anulado foi de 202.051 euros.

Podemos concluír que as modificacións se axustan ás necesidades do servizo e non producen alteracións relevantes no obxecto inicial do contrato^(*).

VI.5. EXECUCIÓN DO CONTRATO


Respecto á execución do contrato é preciso apuntar que non é posible realizar un adecuado seguimento das operacións contables xa que as descrições das ditas operacións non aclaran debidamente o concepto das facturas e no caso dos lotes 1 e 2, cuxo adxudicatario é o mesmo, aínda complica máis o devandito seguimento. Por este motivo foi necesario solicitar do Sergas a remisión das facturas emitidas polos provedores.

Do seu contido dedúcese que a facturación é mensual e de forma detallada por cada un dos equipos.

Porén, ademais dos servizos pola posta á disposición de equipos, os provedores facturan tamén servizos accesorios tales como a actualización da base instalada no Sergas. Este extremo non se pode visualizar de forma clara nas facturas xa que non detallan de forma separada estes servizos.

A seguinte táboa recolle de forma agregada un resumo da facturación do contrato, distinguindo os tipos de equipos e os exercicios aos que se refire. Adicionalmente, inclúese como [anexo 4](#) o detalle de equipos e a súa facturación.

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións



Cadro 10: Resumo de facturación (miles de euros)

Lote	Equipo	2015		2016		2017		2018		2019		2020	
		Número de facturas	Importe	Número de facturas	Importe	Número de facturas	Importe	Número de facturas	Importe	Número de facturas	Importe	Número de facturas	Importe
1	Gammacámaras		0	11	101	50	429	51	423	48	443	49	439
	Mamógrafos	19	57	175	501	187	532	196	552	193	554	193	554
	Neuroradioloxía	1	108	7	91	24	311	24	311	24	311	24	311
	PET		0		0	5	69	23	466	24	611	24	611
	Procesamento de imaxe		0	28	54	80	152	84	158	84	158	84	158
	Radioloxía dixital	12	26	216	1.648	240	696	240	696	241	693	240	696
	Radioloxía vascular intervenc.	3	45	34	567	36	308	36	308	36	308	36	308
	Resonancias	4	503	37	697	52	776	66	957	84	1.263	84	1.263
	TAC	13	90	98	1.366	112	747	136	1.013	134	805	135	800
2	Electrofisioloxía	5	39	24	186	24	186	25	305	24	186	24	186
	Hemodinámica	13	562	27	215	24	191	27	297	26	247	24	191
3	Aceleradores lineais	1	150	38	879	79	1.714	94	2.182	96	2.232	107	2.593
	REDE		0	13	349	12	322	12	322	12	322	12	322
Total		71	1.581	708	6.654	925	6.433	1.014	7.990	1.026	8.135	1.036	8.434

Fonte: Elaboración propia a partir das facturas remitidas

Da análise destes datos despréndese que a posta á disposición de equipos, como un elemento de risco transferido ao adxudicatario, queda, na práctica, diluído, xa que as facturas emitidas para regularizar a falta de disposición de equipos é inferior ao 1% do total das facturas emitidas, como se pode ver na seguinte táboa:

Cadro 11: Regularizacións (euros)

Lote	Equipamento	Importe (+)	Importe (-)	
1	Gammacámaras	1.862.496	28.067	1,5%
1	Mamógrafos	2.759.277	9.058	0,3%
1	Neuroradioloxía	1.442.161	0	0,0%
1	PET	1.853.786	96.603	5,2%
1	Procesamento de imaxe	680.173	0	0,0%
1	Radioloxía	4.458.241	2.489	0,1%
1	Radioloxía vascular intervencionista	1.845.246	0	0,0%
1	Resonancias	5.467.370	7.599	0,1%
1	TAC	4.840.162	18.649	0,4%
2	Electrofisioloxía	1.089.318	0	0,0%
2	Hemodinámica	1.706.291	1.918	0,1%
3	Aceleradores lineais	9.754.956	5.014	0,1%
3	RED	1.636.304	0	0,0%
Total		39.395.780	169.396	0,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de facturas remitidas



Respecto ao período de pago, no [anexo 4](#) reflíctense os períodos de tempo que transcorren entre a data da emisión das facturas (presentadas todas a través do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia) e a data na que se realiza a expedición do documento formal de pago.

Cadro 12: Tempos de tramitación das facturas (euros)

Exercicio	Media de días entre a data de emisión da factura e a data de contabilización da obriga			Media de días entre a data de emisión da factura e a data de pago (*)		
	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote1	Lote 2	Lote 3
2015	16,0	50,7	13,0	62,0	96,7	42,0
2016	47,6	61,0	53,8	92,8	104,1	96,8
2017	31,7	22,8	37,9	42,9	31,7	44,5
2018	15,9	22,9	25,3	25,2	30,5	32,5
2019	19,2	14,1	38,5	33,3	24,7	54,2
2020	11,0	11,2	3,4	20,1	18,5	11,5
Total	29,3	28,5	31,6	52,9	46,5	47,5

(*) Non se tomaron en conta as facturas de decembro de 2020 por non dispoñer da data de pago

Fonte: Elaboración propia a partir de facturas remitidas

VI.6. XESTIÓN ORZAMENTARIA

A primeira consideración sobre este punto é comprobar a correcta imputación orzamentaria, que, á súa vez, fundaméntase na cualificación “económica” do contrato.

Aínda que durante a tramitación preliminar do contrato este aspecto non era do todo claro, cabe sinalar que o informe a que se refire o artigo 58 do TRLRFOG, elaborado o 29 de xullo de 2013, indica que a imputación do contrato realizarase a aplicacións orzamentarias de capítulo VI, como investimentos reais en inmovilizado material, e de capítulo II pola parte do contrato que corresponde ao mantemento. Con posterioridade, o contrato imputouse de forma íntegra ao concepto de “canon por dispoñibilidade” do capítulo II.

Este cambio de criterio de imputación orzamentaria fundaméntase no informe do 15 de xaneiro de 2015 sobre a repercusión financeira do contrato, cuxa epígrafe “3) Análise do seu tratamento en termos de contabilidade nacional” recolle as características deste tipo de contratos, sinalando como notas esenciais as seguintes:

- Contrato a longo prazo entre a administración pública e un socio privado.
- O socio privado vese obrigado á prestación dun servizo para o que cómpre un investimento inicial en inmovilizado.
- O socio privado ha de prestar o servizo cun estándar de calidade e cantidade definidos previamente.
- A administración pública ha de ser a principal pagadora destes servizos.





Elementos todos que se cumpren claramente neste contrato. Ademais das características anteriores, faise unha exhaustiva análise da transferencia de riscos entre a administración pública e o socio privado coa seguinte conclusión: "Da análise realizada ao contrato, tendo en conta que o risco de construción e a maior parte dos riscos vinculados á dispoñibilidade e calidade son asumidos pola sociedade que resulte adxudicataria, ..., enténdese que as infraestruturas obxecto do contrato ... deben de rexistrarse como "formación bruta de capital fixo" do socio privado ao considerar que é o socio privado o propietario económico dos activos".

Á vista deste informe é oportuno considerar que a imputación dos gastos ha de realizarse ao capítulo II de "gastos en bens correntes e servizos" e non ao capítulo VI de "investimentos reais", quedando resolta a dúbida inicial da consideración de arrendamento financeiro ao non cumprirse a premisa inicial que esixe a normativa contable relativa á transferencia de riscos cando sinala que "se considerará arrendamento financeiro cando das condicións do contrato dedúzase que se transfiren substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato".

Situación do contrato


O contrato adxudicouse en distintas datas segundo o lote, pero en 2015 todos estaban adxudicados por un importe total de 78,36 millóns de euros o que supón unha rebaixa sobre o orzamento de licitación do 11,28%, coa seguinte distribución anual:

Cadro 13: Importe anualidades (miles de euros)

Ano	Importe
2015	4.257
2016	9.134
2017	9.598
2018	9.692
2019	9.602
2020	9.602
2021	9.834
2022	10.059
2023	6.585
Total	78.363

No [anexo 5](#) a este informe detállase, desde un punto de vista orzamentario, as variacións do contrato durante o período analizado.

O cómputo do prazo dos 96 meses de execución do contrato iniciouse o 1 de novembro de 2015, de tal xeito que dos seis meses de execución previstos para o ano 2015, tan só se recoñeceron obrigas por dúas mensualidades, por importe de 2 millóns de euros, dos 4 comprometidos inicialmente e o 31 de decembro anuláronse os compromisos pola diferenza.



A devandita modificación do prazo inicial do contrato levou consigo que no mes de xullo de 2016 se realizase un reaxuste contable da distribución das anualidades. Este reaxuste, sendo como é unha periodificación dos compromisos asumidos, debería ter un saldo global nulo, xa que o incremento das anualidades dun exercicio fináncianse con minoracións noutros. Con todo, a operación contabilizada reflicte un saldo negativo, tal e como se recolle na memoria xustificativa. A existencia deste saldo indica que se utiliza a figura do reaxuste para anular remanentes.

O importe das obrigas de exercicio corrente recoñecidas no exercicio 2016 foi ao redor de 7 millóns de euros dos 9 inicialmente previstos. Igualmente, contabilizouse o compromiso que se anulou en decembro de 2015, realizando pagos por importe de 220 mil euros (facturación decembro 2015).

En 2017 dos 9,3 millóns de euros previstos, tan só se recoñeceron obrigas de exercicio corrente por importe de 7,8 millóns. Así mesmo, dos compromisos de 2016 que non se puideron cumprir (facturación de novembro e decembro), incorporáronse a 2017 un total de 1,7 millóns de euros, imputándose obrigas por importe de 1,2 millóns e anulándose a diferenza.

Así mesmo, a modificación do contrato dos lotes 1 e 3 deu lugar a un reaxuste das anualidades por importe de 1,3 millóns de euros, motivado, por unha banda, polo incremento do prezo do contrato e, por outra, pola variación dos prazos de posta a disposición dun dos equipos.

Os compromisos non afectados ao cumprimento de obrigas, por importe de 766 mil euros, foron anulados ao final do exercicio.

En 2018, dos case 10 millóns de euros comprometidos, só se recoñeceron obrigas por importe de 9,7 millóns. Dos 330 mil euros restantes, anuláronse 194 mil, restando un remanente de crédito de 135 mil euros dos cales se incorporan ao exercicio seguinte 128 mil.

No ano 2019, dos 9,9 millóns comprometidos, recoñecéronse obrigas por importe de 9,8 millóns. Ao final do ano anulouse o saldo non afectado ao cumprimento de obrigas, 51 mil euros.

En 2020, dos 10,25 millóns de euros comprometidos, recoñecéronse obrigas por importe de 10,20 millóns. O saldo non afectado, 44 mil euros, foi anulado.

En relación a estas operacións debemos sinalar que a súa regulación específica atópase recollida nas seguintes disposicións:

- Artigo 58 do TRLRFOG que regula a xestión e recoñecemento dos compromisos con cargo a exercicios futuros.
- O artigo 59, que regula a anulación de créditos non destinados a atender obrigas recoñecidas.
- Artigo 60 sobre imputación ao exercicio corrente de compromisos adquiridos en exercicios anteriores.





- Lei de orzamentos para o ano 2015.
- Orde do 16 de novembro de 2015, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio 2015 e a apertura de 2016.

Como criterio xeral nas operacións de peche de exercicio, obrígase aos xestores a regularizar os compromisos que non estean afectos ao cumprimento de obrigas (artigo 59 TRLRFOG), debendo proceder, tal e como indica o artigo 11 da orde de peche do ano 2015 "*á anulación dos documentos en fase D que non representen compromisos con terceiros. Tamén deberán axustar os saldos de compromiso coa realidade mediante os oportunos reaxustes de anualidades*". Trátase dunha técnica contable que pretende garantir que os compromisos cos terceiros estean debidamente contabilizados e que a contabilidade reflicte de forma fiel as obrigas pendentes de recoñecer e as necesidades financeiras con cargo a exercicios posteriores.

Neste sentido as operacións de peche do exercicio 2015 non se axustan aos criterios contables expostos. Con todo, as operacións de peche dos exercicios seguintes si cumpriría con esas disposicións, anulando tan só a parte dos compromisos que realmente non están afectos ao cumprimento de obrigas.

Por último, cabe sinalar que o reaxuste de anualidades realizado en 2016 non parece en si mesmo un reaxuste, xa que, nin a memoria que acompaña aos documentos contables nin as operacións contabilizadas reflicten un equilibrio entre operacións negativas e positivas. O que si parece é que se produce unha acumulación de operacións contables baixo o mesmo argumento, por unha banda un reaxuste de anualidades e por outro a anulación de compromisos que non se atopan afectos ao cumprimento de obrigas.

Ademais cómpre indicar, como xa se vén reiterando nos sucesivos informes da Conta xeral do Sergas, que as descrições dos documentos contables non facilitan o seguimento das operacións e, en moitos casos, imposibilitan a identificación e comprensión da operación que se está contabilizando. No caso concreto deste contrato, ao estar distribuído por lotes, o expediente de gasto é único con 3 adxudicatarios, o que permitiría facer o seu seguimento polo NIF do adxudicatario, pero como un dos licitadores foi adxudicatario de 2 lotes, as descrições dos documentos de pago de facturas non permiten identificar a que lote corresponden, dificultando o adecuado seguimento.

VI.7. PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES NO CONTRATO

Neste apartado imos analizar a participación doutras entidades públicas e privadas neste expediente de contratación, concretamente a Empresa pública de Servizos Sanitarios, Galaria e o Centro Oncolóxico de Galicia.



No documento de “contestación observacións” de data 1 de agosto de 2013 elaborado pola Dirección Xeral de Recursos Económicos en contestación ás aclaracións solicitadas pola Intervención Xeral da CA, enuméranse os novos equipos necesarios nos hospitais do Sergas e concrétese o destino destes novos equipos. Neste caso non se detallan as necesidades de Galaria incluíndo no caso do Oncolóxico o seguinte equipamento:

- un acelerador lineal (prezo estimado na licitación de 1.900.000 euros)
- un PET (con valor estimado de 1.430.000 euros).

Atendendo á diferente relación que existe entre Sergas e estas dúas entidades, é necesario facer unha análise por separado.

Galaria

Galaria configúrase como un medio propio do Sergas para a prestación de servizos de alta tecnoloxía. O seu financiamento, que procede no seu maior parte do Sergas, artículase a través da figura do contrato-programa, no que anualmente se indica que actividades ha de realizar e o importe do financiamento que recibirá do Sergas.

No seguinte cadro reflíctese o importe das obrigas recoñecidas polo Sergas para o financiamento de Galaria no período 2012-2020

Cadro 14: Obrigas derivadas do contrato-programa con Galaria (miles de euros)

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Obrigas	28.594	25.975	29.612	23.695	14.207	15.033	13.116	15.042	14.454
Compensación cesión						1.174	1.174	1.049	925

Fonte: Elaboración propia a partir de Conta Xeral

O día 15 de novembro de 2016 asinouse acordo de colaboración, baixo a fórmula de “convenio” entre Galaria e Sergas para a posta á disposición de Galaria de diverso equipamento tecnolóxico incluído no contrato obxecto de fiscalización, concretamente, segundo recóllese nos expositivos IV e V do mencionado documento:

- Correspondentes a equipamentos incluídos no lote 1 do contrato:
 - a. Resonancia Magnética no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
 - b. Dous gammacámaras (unha para o Hospital Santa María Nai de Ourense e outra para o Hospital Meixoeiro de Vigo)
 - c. Un TAC para o Hospital Meixoeiro
 - d. Evolución tecnolóxica da resonancias instaladas en Hospital Meixoeiro





- e. Evolución tecnolóxica para a resonancia móbil.
- Correspondentes ao lote 3 do contrato:
 - a. Tres aceleradores lineais para o Hospital Meixoeiro
 - b. Acceso aos sistemas de información que se inclúen no contrato.

Trátase dun convenio con implicacións de contido económico que non se incluíron no seu texto, simplemente faise unha exposición de que non supón un aumento do gasto para o Sergas e limitáase a sinalar unha posible compensación por parte de Galaria no contrato-programa.

As implicacións económicas do citado convenio son múltiples; por unha banda, incluíronse de forma indirecta nas addendas ao contrato-programa prevendo unha compensación a tanto alzado a favor do Sergas (addendas 21ª, 23ª, 24ª e 25ª), e por outro no orzamento de ingresos do Sergas, ao establecer un prezo pola cesión do equipamento.

O importe anual da cesión cuantificouse en 1.173.718,30 euros, importe que, como se ve no cadro precedente, é invariable en 2017 e 2018, do cal non se pode evitar deducir que, de forma tácita, o "convenio" non articula unha compensación do custo real para o Sergas da posta á disposición do equipamento.

Como consecuencia da aprobación do Decreto 70/2019, do 27 de xuño, polo que se integra no Sergas a unidade de diagnóstico por imaxe, na parte correspondente á unidade económica asociada á actividade de resonancia fixa dependente de Galaria, entre o equipamento que retorna ao Sergas atópase a resonancia magnética Ingenia (3 teslas), polo que a compensación anual se minora en 249 mil euros.

Tendo en conta o anterior e que a vixencia do convenio vai desde a súa firma ata a conclusión do contrato de diálogo, atopámonos con que a contía económica inicial do convenio é de 8.216.028 euros resultado da anualidade constante e dunha vixencia ata 2023, minorándose na cantidade de 1.118.931,12 euros como consecuencia da aprobación do devandito decreto.

Este proceder leva consigo, de forma indirecta, a falta de reflexo contable de operacións de contido económico, ao figurar contabilizado no Sergas o gasto derivado do contrato polo pago das facturas ao socio privado correspondentes aos equipos cedidos a Galaria, pero non a contabilización do ingreso polas contraprestacións recibidas, xa que simplemente se minora o importe para transferir.

Respecto da fórmula de incluír a Galaria de forma indirecta no contrato, entendemos que é necesario nun contrato de tanto calado en termos de renovación de equipamento; con todo, cabería esperar que a fórmula de participación se articulase doutro xeito, incluíndo as necesidades de Galaria dentro



do conxunto do contrato e asumindo directamente a xestión da parte de equipamento que lle corresponde co adxudicatario, como se fai noutro tipo de contratos de xestión centralizada.

Galaria realiza, dentro das súas actividades principais, probas con equipamento de alta tecnoloxía como se pode ver no seguinte cadro, o que xustifica de forma máis que evidente a súa inclusión neste contrato.

Cadro 15: Actividade de Galaria

		2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Diagnóstico por imaxe	Resonancia magnética	35.909	31.550	40.175	36.671	38.128	40.813	40.228	21.105	18.374
Medicina nuclear	Gammagrafía	10.015	9.588	8.930	9.085	8.767	9.573	9.480	12.039	9.826
	PET	2.240	2.581	2.267	2.361	2.842	3.301	3.250	4.398	4.538
Radioterapia	Aceleradores lineais	1.842	1.767	1.689	1.657	1.890	1.995	2.023	(*)	

(*) Non se dispón de datos

Fonte: Elaboración propia

Como se pode ver, a actividade de Galaria céntrase en probas de resonancia, de medicina nuclear e de radioterapia, sendo o seu papel determinante xa que en case todas elas Galaria representa máis da metade do total das realizadas polo Sergas.


Nos seguintes gráficos móstrase a evolución desta actividade no período 2012-2020. A evolución dos datos non é uniforme, polo que cómpre realizar a súa análise por separado; así:

- Para o período 2016-2018: incrementouse a actividade a partir de 2016, data de formalización do convenio para a posta á disposición do equipamento. A variación anual experimentada a partir do convenio está ao redor do 5,5% en resonancias, do 8% en gammagrafías, do 14% en PET e do 7% en aceleradores lineais.
- Para o período 2019-2020: a evolución dos datos non responde ao patrón anterior, diminuindo o número de probas realizadas. A información do exercicio 2020 non é representativa, xa que está condicionada pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19.

Centrándonos no ano 2019, obsérvase unha diminución das probas correspondentes a RM e ao PET. No caso das RM, e tal como foi exposto anteriormente, entre o equipamento que retorna ao Sergas atópase a resonancia magnética Ingenia (3 teslas), feito que pode xustificar a diminución no número de probas realizadas.



Gráfico 5: Evolución actividade Galaria



Centro Oncolóxico de Galicia

A referencia ao "Centro Oncolóxico de Galicia" tense que entender realizada á "Fundación Centro Oncolóxico de Galicia", entidade suxeita a dereito privado e sen ánimo de lucro que ten como obxecto a prestación de servizos sanitarios.

Respecto disto cabe formular as seguintes consideracións:

1. Trátase dunha entidade de natureza privada, na que o Sergas forma parte do seu padroado.
2. É un operador libre de mercado, no sentido de que presta servizos de natureza sanitaria no mercado en condicións de competencia co resto de operadores sanitarios.
3. Non forma parte do sector público, xa que non reúne os requisitos establecidos pola Lei 16/2010 para ser considerada unha entidade do sector público autonómico.
4. Vén relacionándose co Sergas, de forma recorrente ao longo do tempo, mediante relacións contractuais para a prestación dos seus servizos sanitarios. Esta relación contractual vén articulado mediante a fórmula de concertos; o último (NB-SER4_17-001) formalizouse o 12 de abril de 2017, tras un procedemento suxeito á normativa de contratación do sector público.



No actual contrato de servizos con esta entidade, o Sergas incluíu unha cláusula que, baixo a rúbrica “DÉCIMA.- REGULARIZACIÓN DA ACTIVIDADE”, prevé unha compensación por parte da entidade concertada correspondente á “dispoñibilidade de uso, mantemento, formación, etc.” por un importe de 180.835,50 euros trimestrais (723.342 euros anuais).

O cadro seguinte pon de manifesto a situación orzamentaria na que se executa o contrato como consecuencia da mencionada cláusula.

Cadro 16: Situación contable do concerto licitado NB-SER4-17-001 (miles de euros)

	2017	2018	2019	2020
Anualidade prevista	8.014	11.314	11.314	11.314
Minoración / compensación	-254	-733	-723	-723
Obrigas recoñecidas	7.760	10.581	10.590	10.590

A pesar de que a literalidade da cláusula indica que “este aboamento efectuarase como desconto na factura”, o que reflicte a situación anterior é un claro incumprimento do principio orzamentario de non compensación de ingresos e gastos, xa que a cesión de equipamento a unha entidade supón para o Sergas un ingreso e non un menor gasto.

Doutra banda, e sen entrar nas consideracións fiscais desta operación, é claro que a cuantificación *a priori* determínase sobre un importe fixado a tanto alzado, xa que non se lle aplican as prevencións de transferencia de riscos previstas no contrato inicial co adxudicatario e non se pode valorar se se está producindo unha ganancia ou unha perda para o Sergas como consecuencia desta cesión. Convén destacar que se produciu unha modificación do contrato orixinal en decembro de 2017 derivada dunha redución das prestacións nos equipos instalados na entidade sen que diso dese lugar a unha modificación do contrato nas cantidades para “compensar”.

Cabe sinalar que, aínda que no caso de Galaria a fixación a tanto alzado do prezo para pagar deriva en consecuencias meramente formais, no caso do Oncolóxico, este proceder podería estar amparando de forma indirecta, unha subvención.

A seguinte táboa mostra a evolución da actividade realizada polo Oncolóxico no período 2012-2018:

Cadro 17: Actividade do Centro Oncolóxico de Galicia


		2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Diagnóstico por imaxe	Mamografía	921	906	947	947	915	891	864	0	0
	TAC	4.301	4.354	4.530	4.677	4.425	3.984	3.775	2.922	4.085
Medicina nuclear	Gammagrafía	8.048	8.461	7.753	6.839	6.498	5.098	5.004	5.166	4.199
	PET	0	0	0	0	0	339	2.315	2.654	2.694
Radioterapia	Aceleradores lineais	2.175	2.118	2.521	2.190	2.194	1.805	1.931	(*)	

(*) Non se dispón de datos

Como se pode observar, o número de probas de mamografías e gammagrafías foise reducindo ao longo do período e no caso das primeiras deixáronse de realizar desde o ano 2019. En canto ao PET increméntase de forma progresiva a partir de 2017.

Así pois, ás pretensións do contrato de reducir o peso dos concertos neste tipo de probas só se cumpre parcialmente.

Gráfico 6: Evolución actividade Centro Oncolóxico de Galicia



VI.8. EFICACIA E EFICIENCIA

Neste apartado preténdese analizar como evolucionaron as variables “obxectivo” que se tiveron en conta á hora de decidir a tramitación do contrato.

A análise levouse a cabo desde unha tripla perspectiva: en termos de variables de actividade, de aforros financeiros e de obsolescencia da base instalada.

EFICIENCIA DE ACTIVIDADE

Para este estudo téñense en conta os documentos que acompañan á tramitación do expediente, en concreto o de “Avaliación Previa”, o Anexo V do “Programa funcional” e o “Informe de necesidade e idoneidade”.

Nestes documentos concrétese a actividade que vén realizando o Sergas co equipamento de alta tecnoloxía aínda que como xa sinalamos é unha información insuficiente para avaliar as necesidades reais de demanda, debido a que debería comprender unha serie temporal máis ampla.

Á marxe desta consideración cabe destacar que a información contida neses documentos é pouco precisa, cuestión xa indicada no propio expediente de contratación ao sinalar as dificultades para a determinación das necesidades en termos de número de equipos.

Evolución da actividade no período 2014-2020


Para realizar a análise solicitamos aos xestores información correspondente aos exercicios 2014 a 2020, para ver a evolución da actividade.

Aínda que as gráficas seguintes reflicten tamén os datos do ano 2020, estes non foron obxecto de análise, ao entender que non son representativos xa que a realización de probas diagnósticas se viu afectada pola declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Respecto aos equipos incluídos dentro do lote 1


a) Radioloxía

No seguinte gráfico, que representa o número de probas de radioloxía realizadas en centros do Sergas, obsérvase que o seu número se incrementa ao redor do 8% en relación ao ano 2014, o que supón un incremento de 126 mil probas.



Cod. Validación: 46M9QNAHG5FRAK6K2C7A79EYQ | Corrección: <https://consellodecontasg Galicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 92

Gráfico 7: Probas de radioloxía convencional




Fonte: Información facilitada polo Sergas

b) Mamografías

No seguinte gráfico obsérvase que o número de probas realizadas nos centros propios se sitúa ao redor de 50 mil probas anuais no ano 2014, cunha diminución en 2015 e 2016, que entendemos que vén motivada por concorrer co período de instalación da renovación de case a metade da base instalada (15 de 28 mamógrafos), cunha tendencia positiva nos seguintes anos, ata situarse ao redor de 52 mil probas anuais no ano 2019.

Gráfico 8: Actividade de mamografías no Sergas e en centros concertados



Fonte: Información facilitada polo Sergas

Merece especial atención o feito de que este tipo de probas a partir do exercicio 2018 se realiza na súa totalidade en centros propios do Sergas, circunstancia que xa se viña evidenciando con anterioridade ao contrato.

O seguinte gráfico reflicte a actividade total deste tipo de probas:





Gráfico 9: Actividade total de mamografías




Fonte: Información facilitada polo Sergas

c) Resonancia Magnética

No caso das RM, a actividade do Sergas incrementouse de forma notable no período 2016-2018, se ben no exercicio 2019 diminúe o número de probas realizadas.

Gráfico 10: Actividade de resonancias magnéticas no Sergas e en centros concertados



Fonte: Información facilitada polo Sergas


No caso da actividade concertada, estabilizouse ao redor de 80 mil probas no período 2016-2018, onde gran parte destas probas son realizadas por Galaria que é medio propio do Sergas. No exercicio 2019 as probas realizadas diminúen ao redor de 38 mil probas.

En canto á actividade total en probas de RM, e considerando as de Galaria como realizadas en centros do Sergas, atopámonos que a actividade realizada con medios propios pasou do 76% no exercicio 2016 a 88% no exercicio 2019, se ben neste último ano o descenso de probas realizadas nos centros concertados (38 mil) non ten o seu correlativo no incremento das probas realizadas con medios propios (7 mil).





Gráfico 11: Actividade total de resonancias magnéticas




Fonte: Información facilitada polo Sergas

d) TAC

As probas de TAC realizadas nos centros propios incrementáanse un 21% en 2019 respecto das realizadas en 2014.

Gráfico 12: Actividade de TAC no Sergas e en centros concertados




Fonte: Información facilitada polo Sergas

Doutra banda, as probas solicitadas a centros concertados mantéñense estables ao redor das 25 mil probas anuais ata o exercicio 2019, no que se realizan 17 mil probas menos.

Desde un punto de vista global, obsérvase unha tendencia positiva no número de probas realizadas en centros do Sergas, fronte ás realizadas en centros concertados, ata acadar o 96% do total de probas no ano 2019. Neste caso, ao igual que para as RM, o descenso no número de TAC en centros concertados no ano 2019 (17 mil) non é correlativo co aumento de TAC nos centros do Sergas (12 mil), o que supón unha diminución global das probas realizadas en relación co exercicio 2018.



Gráfico 13: Actividade total de TAC




Fonte: Información facilitada polo Sergas

e) Radioloxía vascular intervencionista

Neste caso o número de probas diminúe ao redor de 150 probas no ano 2016 debido, probablemente, á fase de instalación xa que se renovou o 50% dos equipos. Nos anos 2017 e 2018 permanece case invariable, incrementándose considerablemente para o exercicio 2019 (1.138 probas máis que no ano 2018).

Gráfico 14: Actividade de radioloxía vascular intervencionista



Fonte: Información facilitada polo Sergas


f) Gammagrafía

O Sergas conta cunha base instalada de seis equipos, dos que renovou un e púxose en funcionamento outro adicional. En canto ao volume de actividade, esta incrementouse un 21%.





Gráfico 15: Actividade de gammagrafías no Sergas e en centros concertados




Fonte: Información facilitada polo Sergas

Do mesmo xeito que se incrementa a necesidade deste tipo de probas nos centros do Sergas, redúcese a demanda de concertos. Ao igual que sucedía coas resonancias, a maior parte da actividade concertada neste tipo de probas é realizada por Galaria, sendo o sector privado o que máis ve reducida a demanda.

No seu conxunto, e considerando a Galaria como un centro do Sergas, obsérvase que o total de probas realizadas mantense estable para nos anos 2017 e 2018, incrementándose nun 38% no ano 2019. Evidénciase unha tendencia positiva no peso da actividade realizada polo sector público.

Gráfico 16: Actividade total de gammagrafías




Fonte: Información facilitada polo Sergas



g) PET

Neste caso o Sergas dispoñía dunha base instalada de 2 equipos e con este contrato renova un e adquire outro. Como resultado a actividade en centros propios incrementábase de forma notable tal e como se aprecia no seguinte gráfico:

Gráfico 17: Actividade de PET no Sergas e en centros concertados




Fonte: Información facilitada polo Sergas

Respecto da actividade concertada neste tipo de probas, cabe mencionar que a maior parte delas corresponde ás realizadas por Galaria e, a partir da entrada en funcionamento do novo equipamento, apréciase un incremento das probas realizadas por outras entidades privadas, fundamentalmente pola Fundación Centro Oncolóxico de Galicia.

Desde un punto de vista global, e considerando Galaria como centro do Sergas, vemos que a maior parte destas probas realízase no sector público e o incremento do concerto é derivado da actividade do Oncolóxico.

Gráfico 18: Actividade total de PET



Fonte: Información facilitada polo Sergas






Respecto aos equipos incluídos dentro do lote 2

O equipamento correspondente ao lote 2, cardiología intervencionista, afecta ás salas para a realización de probas de electrofisiología e de hemodinámica. No caso de hemodinámica, renóvase unha sala dun total de sete instaladas e adquirese outra nova, e no caso de electrofisiología renóvanse dúas salas de tres dispoñibles.

Neste caso as variacións non son tan significativas; en electrofisiología o número de probas mellora de forma progresiva e mantense estable en hemodinámica no período 2016-2018, diminuindo no exercicio 2019.

Gráfico 19: Probas nas salas de hemodinámica e electrofisiología




Fonte: Información facilitada polo Sergas

Respecto aos equipos incluídos dentro do lote 3


Por último, no lote 3 renováronse o 78% dos aceleradores lineais e póñense en funcionamento 3 equipos máis. Como se pode ver no seguinte gráfico a actividade incrementouse un 40%.

Gráfico 20: Actividade con aceleradores lineais no Sergas



En canto á actividade concertada, o número de probas mantense estable ao redor de 4.000 anuais, sendo preciso sinalar que Galaria ten un papel substantivo nestas probas asumindo case o 50% das probas que se realizan fóra dos centros do Sergas.


Gráfico 21: Actividade concertada con aceleradores lineais



Listas de espera


Outro elemento que se tivo en conta á hora de analizar a necesidade de renovación e ampliación de equipamento de alta tecnoloxía foron as listas de espera, entendidas como o número de pacientes que están á espera para realizar algunha das probas para as que é necesario o mencionado equipamento. Neste sentido é necesario sinalar que, a pesar de que, como xa vimos antes, produciuse un incremento de actividade, o efecto nas listas de espera non se viu impactado da mesma forma. No seguinte gráfico reflíctese o número de pacientes en lista de espera por tipo de proba.

Gráfico 22: Número de pacientes en lista de espera



Se o que analizamos é o tempo medio de espera para a realización dalgunha destas probas, tampouco ven melloras significativas.

Gráfico 23: Tempo medio de espera



AFORROS

Outro dos aspectos que se poñía de manifesto nos informes emitidos pola Consellería de Facenda era a xeración de aforros orzamentarios que permitirían mellorar a capacidade financeira do Sergas para atender o gasto derivado do contrato, en concreto o gasto de mantemento de equipos que está incluído no propio contrato e que antes era satisfeito a cada provedor de equipamento de alta tecnoloxía da base instalada.

Neste apartado imos analizar a posible minoración dos gastos derivados do mantemento dos equipos de alta tecnoloxía. Para iso partimos das marcas dos equipos da base instalada que, como se indica a continuación, son na súa maior parte das empresas que participaron no diálogo. Así, Siemens, General Electric, Philips, Agfa, Toshiba/Canon que teñen o 95% dos equipos instalados no Sergas, e se incluímos a Elekta e Varian, que son os provedores de aceleradores lineais, chegaríamos ao 97% dos equipos da base instalada en funcionamento.



Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Sergas [1642019-03]


Cadro 18: Base instalada

Marca Equipo	Equipos base instalada	% acumulado s/total
SIEMENS	97	40,4%
G.E.	75	71,7%
PHILIPS	46	90,8%
AGFA	7	93,8%
TOSHIBA	4	95,4%
ELEKTA	2	96,3%
VARIAN	2	97,1%
HOLOGIC	4	98,8%
APELEM	1	99,2%
SEDECAL	1	99,6%
Sopha	1	100,0%
Total	240	

Fonte: Elaboración propia

Se comprobamos os gastos de mantemento pagados a estas empresas no concepto orzamentario ao que se imputa o gasto de mantemento (213), atopámonos con que se reduciron a partir da entrada en vigor do contrato. Se a media de gasto nese concepto nos anos previos eran 8,2 millóns de euros, a partir de 2016 é de 7 millóns, o que supón, un aforro medio de 1,3 millóns de euros anuais. Esta situación móstrase no seguinte gráfico onde están representados os pagos por mantemento e canons.

Gráfico 24: Gasto orzamentario por mantemento e canons



No gráfico reflíctese tamén o incremento de gasto realizado a partir de 2015 como consecuencia do contrato xa que, ademais do mantemento, inclúese a dispoñibilidade dos equipos novos.






Se analizamos estes gastos no conxunto dos realizados en bens e servizos correntes, atopámonos que representa o 2% do total do gasto anual que se cifra en máis de 1.000 millóns de euros.

A evolución reflectida no gráfico seguinte, correspondente aos anos 2012-2020, mostra o incremento do concepto 209 no que se contabilizan os gastos de canons a partir de 2015 como consecuencia do contrato obxecto deste informe e do contrato de colaboración público-privada para o novo hospital de Vigo, pasando do 2% ao 4% do total de gastos deste capítulo.

Gráfico 25: Gasto en bens correntes e servizos



Dos datos dispoñibles podemos concluír que se producen aforros en mantemento de equipamento no período analizado, pero se examinamos o total de gastos contabilizados respecto aos provedores deste tipo de servizos no conxunto de gastos en bens correntes e servizos, este aforro desaparece manifestándose a tendencia de crecemento dos gastos que se reflicte no gráfico anterior.

Outro dos elementos que se tiveron en conta para xustificar a necesidade deste contrato é a utilización de medios alleos para a realización de probas específicas con este tipo de equipamento, é dicir, a utilización de concertos para atender a parte da demanda que ten o Sergas para a realización deste tipo de probas.


Neste sentido temos que sinalar, como xa vén reiterando nos informes da Conta xeral do Sergas, que a imputación orzamentaria dos concertos é pouco explicativa xa que os concertos para a asistencia sanitaria con medios alleos impútanse contablemente ao subconcepto orzamentario "252.03.- Concertos con entidades privadas", segundo o nomenclátor utilizado polo Sergas para a clasificación económica dos seus gastos, aínda que na maior parte dos concertos comprende a realización deste tipo de probas, non distinguindo a parte do concerto que son prestacións de asistencia sanitaria das que son probas específicas para as que o propio nomenclátor dispón de códigos específicos para a



súa imputación, como son o subconcepto "254.03.- Concertos para resonancia magnética e medicina nuclear", ou ben o "254.04.- Concertos para TAC".

